
As propostas de Meijer, Pijl e Hegarty (en prensa) relativas á necesidade de considerar cambios na natureza e estrutura das escolas especiais, das relacións e vínculos entre estas e os Centros ordinarios, ou propostas de reconversión cara a Centros de recursos, máis próximas a nós, deberían ser investigadas, polas posibilidades integradoras que supoñen para estes centros.

E tamén é precisa unha investigación máis integradora.

Cremos que os estudos sobre integración escolar non se poden quedar na descrición ou na constatación dos efectos de determinados "tratamentos" ou programas. A investigación sobre integración non debe renunciar á busca unificada da comprensión e mellora da práctica integradora. Será inevitable que a investigación, como viñemos sinalando, se adapte ós retos formulados hoxe no ámbito educativo, que xere ideas, teorías, axude e participe no cambio.

E, parece, tamén, de todo evidente, a necesidade de axustar os presupostos da investigación sobre integración ó desenvolvemento que tivo esta. Un modelo ou enfoque integrador, ¿holístico?, contextual é o mellor aval para un proceso que se define na acción por esas mesmas características.

Pero, ademais, ten que ser integradora na delimitación que se fai dos temas de estudio. É dicir, a investigación sobre integración debe integrar no seu seo aqueles temas que conecten coas necesidades prácticas dos profesores, e debe colaborar e integrarse no cambio, de forma que a readaptación recíproca afecte a ámbolos dous.

Ten, por último, formulada a investigación sobre integración, o reto de ser integradora, tamén, no tratamento que se fai dos tópicos, así como na

mesma constitución e compoñentes dos equipos de investigación. Sería preciso non aborda-la investigación unilateralmente, desde a óptica única dunha Educación Especial independentista. Quizais sexa necesario, como viñemos defendendo, reconsidera-la necesidade de botar man e integra-los profesionais e coñecementos que están xerando as teorías e estratexias de cambio escolar, o desenvolvemento organizativo, a teoría curricular e o desenvolvemento profesional dos profesores para o estudio "integrado" da mesma.



## BIBLIOGRAFIA:

- Ainscow, M. (1993): *Towards effective schools for all*. Coventry, National Association for Special Education Needs.
- Alberte, J.R. (1991): "Los servicios de apoyo para la educación especial y los programas de integración: la formación de los profesionales que los integran". En Zabalza, M.A. e Alberte, J.R. (Eds.): *Educación Especial y Formación de Profesores*. Santiago, Tórculo, 75-98.
- Balbás, M.J. (1993): *Las necesidades formativas del profesor tutor ante la integración*. Universidade de Sevilla, Tese de doutoramento inédita.
- Booth, T.; Swann, Masterton, M. & Poots, P. (1992): *Curricula for Diversity in Education*. London, Routledge.
- Bovair, K., Carpenter, B. & Upton, G. (1992): *Special Curricula Needs*. London, David Fulton Publ.
- Daniels, H. & Ware, J. (1990): *Special Educational Needs and the National Curriculum*. London, Kogan Page.
- Dessent, T. (1987): *Making the ordinary school special*. London, The Falmer Press.
- Guerrero López, F. (1991): "Teorías implícitas, planificación y toma de decisiones. El pensamiento pedagógico del profesor de apoyo". En Molina, S. (Ed.): *Anuario Español e Iberoamericano de Investigación en Educación Especial*, Madrid, Cepe.
- Gresham, F.M. (1986). "Strategies for Enhancing The Social Outcomes of Maistreaming: A Necessary Ingredient for Success". In J. Meisel, J. (Ed.): *Mainstreaming Handicapped Children: Outcomes, Controversies and New Directions*, London, Lawrence Erlbaum Associates, 193-218.
- Kauffman, M.J., Gottlieb, J., Agard, J.A. and Kukic, M. (1975). "Mainstreaming: Toward an explication of the construct". In E.L. Meyen, G.A. Vergason and R.J. Whelan (Eds.): *Alternatives for Teaching exceptional children*, Denver, Love, 35-54.
- Leinhardt, G. and Pally, A. (1982). "Restrictive Educational settings: Exile or Haven?". *Review of Educational Research*, 52(4), 557-578.
- Lacey, P. & Lomas, J. (1993): *Support Services and the Curriculum: A practical guide to collaboration*. London, David Fulton Publ.
- López Melero, M. e Guerrero López, J.F. (1991) (Eds.): *Caminando hacia el siglo XXI: la integración Escolar*. Málaga. Dpto. de Didáctica e O. Escolar. Universidade de Málaga.
- Muntaner, J. e Roselló (1991): "La organización del Centro: Recursos para la Integración". En López, J. e Bermejo, B. (Ed.): *El Centro Educativo*. Sevilla, GID.
- Meijer, C. & Pijl, S.J. & Hegarty, S. (en prensa): *New Perspectives on integration and Special Education*. London, Routledge.
- Mittler, P. Brouillette, J. & Harris, D. (1993) (Ed.): *World Yearbook of Education 1993: Special Educational Needs*. London, Kogan Page.
- O'Hanlon, C. (1992): *Special Education Integration in Europe*. London, David Fulton Publ.
- Parrilla, A. (1992a): *La integración escolar y los profesores: Investigación y formación*. Madrid, Cincel.
- Parrilla, A. (1992b): *La integración escolar como experiencia institucional*. Sevilla, GID.
- Parrilla, A. (1993): "La formación de los profesionales de la Educación Especial en España". Comunicación presentada ó *EASE Symposium on Teacher Education*. Manchester, Xullo, 1993.
- Ramasut, A. (1989) (Ed.): *Whole School approaches to Special Needs*. Sussex, The Falmer Press.
- Sánchez Asín, A. (1993): *Necesidades Educativas e Intervención Psicopedagógica*. Barcelona, PPU.
- Stainback, S. and Steinback, W. (1992): *Curriculum considerations inclusive classrooms*. Baltimore, Paul Brookes.
- Upton, G. (1991) (Ed.): *Staff Training and Special Educational Needs*. London, David Fulton Publ.
- Vulliamy, G. & Webb, R. (1992) (Eds.): *Teacher Research and Special Educational Needs*. London, David Fulton Publ.
- Wade, B. & Moore, M. (1993): *Experiencing special education*. Open University Press, Buckinhan.
- Wang, M. and Walberg, H. (1985). *Adapting Instruction to individual differences*. Berkeley, Mc Cutchan.



## APTITUDE MUSICAL

### Criterios de selección para o acceso ó grao elemental de música no Conservatorio da Coruña

*Matilde Rubio*

Profesora de Solfexo do Conservatorio  
Estatel Superior de Música da Coruña.

#### INTRODUCCIÓN

Todo ser humano polo seu herdo xenético, posúe unha serie de potencialidades que poden ser de especie ou de individuo. Por potencia de especie o home está capacitado para comunicarse mediante xestos (mímica), imaxes (pintura, debuxo, escultura), palabras (linguaxe oral) e sons (linguaxe musical). Conforme a especie humana vai evolucionando a través do tempo, a comunicación mediante sons diminúe en importancia, deixando paso paseniñamente á linguaxe oral e, nas últimas décadas, á linguaxe visual.

Por potencia de individuo todo home, na medida das súas posibilidades, debería estar capacitado para utiliza-la música como linguaxe, e disto é do que debe ocuparse a educación musical básica, que debe ser para todos, os músicos e os non músicos. A escola debe ocuparse de despertar e desenvolver ata un grao elemental a capacidade de emitir, transmitir e recibir propostas musicais, é dicir, ata o punto de poder utiliza-la

música como linguaxe nun proceso de comunicación de ideas, sentimentos e sensacións en forma bela. Os aspectos que debe incluí-la Educación musical básica derivanse dos tres elementos constitutivos da música: ritmo, melodía e harmonía, insistindo no ritmo e a melodía por ser máis inductiva e “manipulable” cá harmonía, que é máis ben cerebral-deductiva. Ademais, o ritmo está presente en tódolos tipos de música ó longo da historia e ó longo da xeografía, a melodía é practicamente común a tódolos tipos de música, agás as primeiras manifestacións que foron só rítmicas, e sen embargo, a harmonía é propia de certos pobos e certas épocas. O ritmo está relacionado co tempo, o movemento, a orde e a periodicidade. Está presente en tódalas manifestacións humanas e fenómenos naturais: o día, a noite, as mareas, o pulso cardíaco, etc.

Na educación musical básica o ritmo debe de aparecer xunto ó movemento, a expresión corporal, o desenvolvemento das posibilidades motrices, a danza, a dramatización, etc.

Non hai melodía sen ritmo, xa que a melodía é unha sucesión de sons cun sentido musical lóxico no que a beleza ven dada polo agrupamento destes sons. A melodía, ó igual cá linguaxe oral, organízase en unidades como son as frases, semifrases, períodos, etc.

Na EMB a melodía debe de reflexarse, principalmente, na expresión vocal, o canto e a educación audio-perceptiva.

A harmonía sería a organización vertical da música. As primeiras manifestacións comezan a aparecer en occidente arredor do século XI. A harmonía xorde da comunicación e sucesión de acordes e o xogo e contraste entre eles por medio dun regulamento ríxido pero variantes no tempo. Esta combinación produce unha impresión subxectiva no individuo que depende da cultura e herdo da civilización da que procede o suxeito.

Os procedementos formais no desenvolvemento destes aspectos na EMB son a imitación ou repetición (eco), a variación e a improvisación. Ó se-la música un fenómeno exterior que se percibe a través dos sentidos e, en particular do oído, o primeiro paso é percibir de forma correcta e assimilar ou aprehe-lo percibido tanto de forma global (no seu conxunto) coma en tódalas súas partes. Neste nivel do proceso de comunicación o individuo é receptor, que ademais pode ser capaz da imitación ou repetición en forma de eco. A asimilación do percibido debe de darse en tódo-

los niveis posibles: manipulativo, sensorial, intelectual, etc... de forma que se pode produci-la "audición interior" sen estímulo exterior, co que será posible a variación e, no seu paso posterior, a improvisación ó adquiri-la posibilidade de "imaxinar sen oír". Estas imaxes sonoras en canto á duración, altura, intensidade e velocidade son verdadeiras creacións nas que o individuo desempeña o papel de emisor no proceso de comunicación.

A exteriorización do que oímos dentro, a re-creación sería outro aspecto do proceso de comunicación na que o individuo adquire o papel de intérprete.

Todo home pode ser receptor da linguaxe musical, aínda que non posúa as aptitudes musicais suficientes para ser creador ou intérprete. A mensaxe que nos ofrece o compositor a través da linguaxe musical é igual para todos, aínda que non tódolos homes reciben o mesmo xa que depende das súas capacidades musicais e da educación musical perceptiva que recibe. A escola, pois, debe procurar ofrece-la mellor e máis completa educación musical básica posible para desenvolver ó máximo as capacidades perceptivas e estéticas de tódolos individuos, mentres que a educación musical específica, para intérpretes e compositores debe interpretarse en centros específicos onde desenvolve-las capacidades innatas xa non de especie, senón de individuo que estes suxeitos posúen, é dicir, debe impartirse nos Conservatorios.

No caso destes últimos, o principal, senón o único obstáculo, é a tradicional masificación que sofren. É indubidable que durante os últimos anos estamos asistindo a un constante aumento da valoración social da música na súa versión máis culta, tamén chamada clásica. Créanse orquestras sinfónicas, poténciase a ópera; os directores de orquestra, os solistas instrumentais e vocais convértense en figuras coñecidas do gran público e incluso as grandes empresas e entidades teñen a gala o financia-los eventos musicais. A isto hai que suma-la crecente consideración das cualidades da música como elemento formativo e educador. Todo isto levou, e isto aínda se segue padecendo, á masifica-los conservatorios, ó ser estes, ata hai pouco, a única alternativa para a educación musical, debendo de dar satisfacción ó curioso, ó aficionado e ó profesional ó mesmo tempo.

A implantación da LOXSE nos conservatorios vén cambiar radicalmente a situación, pois o espírito da mesma e a súa aplicación convérteos en centros de formación de profesionais ou, polo menos, que ensinan profesionalmente. Boa parte disto é a hora individual de instrumento que se debe de impartir a cada alumno, a aparición da figura da orquestra e do coro como obrigatorios, a necesidade de facer unha proba de ingreso a cada grao, a perda da oficialidade se se repite curso, a limitación de idade para acceder ó conservatorio, etc... por outra banda, a recente creación das escolas de música (BOE 9.9.92), nas cales cóbrense tanto as aspiracións dos afecio-

nados coma as daqueles que queren prepararse para ingresar no conservatorio; veñen a reforza-la profesionalización que a LOXSE implica.

Se os conservatorios van formar a futuros profesionais e se ademais xogamos coa obrigada limitación de prazas, faise evidente ter que escolle-los aspirantes con maiores aptitudes musicais de acordo co disposto no artigo 19 da OM. do BOE do día 9.9.92 que di: "Cada centro establecerá, previa autorización da Dirección Xeral de Ensino Medio, o procedemento de ingreso no grao elemental de música acorde co seu proxecto curricular e coas súas posibilidades organizativas: Dito procedemento atenderá, prioritariamente, á avaliación das actitudes musicais dos interesados e á idade idónea para inicia-los estudos nas especialidades instrumentais".

Chegados a este punto a pregunta faise evidente: ¿cales son as condicións ou aptitudes que debe ter un músico e como se poden medir? Para contestar a esta pregunta podemos basearnos nos estudos e experiencias dalgúns psicólogos do noso século.

Enténdese por aptitude ou potencia musical a predisposición e a asimilación e comprensión da linguaxe sonora.

Sobre a natureza da aptitude musical existen dúas teorías, a dos específicos defendida por Seashore e Bentley e a omnibus da que son partidarios Mursell e Wing.

Seashore afirma que existen unha serie de capacidades sensoriais, independentes entre si, innatas e invariantes coa intelixencia, a idade e os coñecementos previos que conforman a aptitude musical. Traza un paralelismo psicofísico entre cada unha destas capacidades e as cualidades do son desta forma: a frecuencia co ton ou altura do son, a intensidade coa forza ou debilidade do son, o ritmo coa igualdade ou desigualdade de modelos rítmicos, o tempo coa duración do son, o timbre coa discriminación da estrutura harmónica do son, a memoria tonal coa identificación por número de orde dunha secuencia. De acordo con isto, Seashore elaborou unha proba para medi-la habilidade para oír-los sons nos aspectos citados (Seashore Measures of Musical Talents): ton, intensidade, ritmo, sentido do tempo, timbre e memoria tonal. Esta proba está deseñada para o exame de estudantes de 9 anos en diante e require un tempo de aplicación duns 30 minutos. Cada aspecto da proba consta de 50 ítems (tono, intensidade, tempo e timbre) de menor a maior dificultade ou de 30 (no caso de ritmo e memoria tonal).

Dentro da teoría dos específicos podemos contar tamén coa aportación de Bentley e a súa proba de "Medidas das Aptitudes Musicais" (Measures of Musical Ability). É aplicable a partir dos 7 anos e o tempo de aplicación ronda os 30 minutos. Consta de 4 partes: discriminación tonal ou de altura (20 ítems), memoria tonal (19 ítems), análise de acordes (20 ítems) e memoria rítmica (10 ítems).

Para Mursell, sen embargo, a aptitude musical non depende das capacidades sensoriais, senón de procesos mentais como a resposta efectiva ó son e ós esquemas rítmicos e á percepción cognitiva de relacións tonais e de agrupacións rítmicas. Igualmente Wing afirma que a aptitude musical non depende só da discriminación auditiva senón que involucra á mente na súa totalidade.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, en función do artigo 19 do BOE 9.9.92, no conservatorio da Coruña viuse a necesidade de aplicar unha proba que reunise as seguintes características: independente dos coñecementos previos, obxectiva, inequívoca (executada de igual modo para tódolos aspirantes e na que estes saiban o que se espera deles), gradual en dificultade, consistente, contrastada, breve e fácil de aplicar.

Para isto procedeuse a elaborar unha adaptación das probas de Seashore e Bentley tendo en conta os seguintes parámetros e na seguinte orde: duración, intensidade, ton, timbre, ritmo, memoria tonal e oído harmónico.


Nos catro primeiros parámetros os aspirantes escoitaban dous sons por ítem, debendo contestar sobre a cualidade do segundo son en relación ó primeiro. Desta maneira o segundo son podía ser máis longo ou curto, máis forte ou débil, máis agudo ou grave, igual ou distinto có primeiro, respectivamente. No quinto parámetro escoitaban dous esquemas rítmicos debendo indicar se eran

iguais ou diferentes entre si. No sexto, memoria tonal, escoitaban unha secuencia melódica invariable (do-re-mi) como modelo e unha repetición na que variaba un son, debendo indica-lo lugar da variación, por exemplo: modelo do, re, mi, repetición do, fa, mi; resposta correcta:2.

Por último, no sétimo, oído harmónico, debíase indicar se se escoitaba un son ou dous simultáneos.

Dentro de cada parámetro, a dificultade de discriminación era crecente, de maior a menor, o que facilitaba a realización do exercicio. Os sons foron gravados previamente nunha cinta coa axuda dun sintetizador, o que garantiu a aplicación inequívoca de cada unha das sesións, nas que os nenos estaban agrupados por idades. Esta división por etapas de desenvolvemento facilitou a comprensión da proba unido ás explicacións previas adaptadas á idade dos aspirantes e introducindo cada parámetro a través dun pequeno xogo ou historia. Tamén a idade dos suxeitos (7-14 anos) motivou a orde dos parámetros, as reducións de items dentro de cada aspecto e a representación gráfica de elementos coñecidos para os aspirantes asimilados ás cualidades do son. Todo isto quedou reflectido na ficha de respostas reproducida no anexo I.

Previamente á aplicación da proba someteuse ós aspirantes de ingreso ó grao elemental, a un grupo de control. Os resultados obtidos neste coincidiron despois cos obtidos no grupo real.



Cada item correcto valorouse cun punto, podendo alcanzar unha puntuación máxima de 70 puntos. Os incorrectos non se penalizaron e as respostas dobres foron anuladas. Os resultados obtidos polo grupo real foron:

(Ver gráfica anexo II)

Os resultados por idades refletiron que a idade era unha variable independente respecto á proba. Como exemplo, o suxeito que obtivo a puntuación máxima ten 11 anos; o de 69, 10; e os de dous 68, 8 e 12.

Como complemento a esta primeira proba, á que se deu carácter eliminatorio, estableceuse unha segunda, á que accederon oitenta e catro aspirantes, encamiñada a valorar as cualidades motrices e rítmicas e a capacidade vocal e de entoación.

Estas probas aplicadas antes do primeiro momento de contacto coa aprendizaxe musical deben seguirse en posteriores ocasións para ver a evolución e o grao de desenvolvemento das aptitudes musicais que propiciou a educación musical recibida en cada suxeito.

PUNTOS	Nº DE ASPIRANTES
2	1
3	1
19	1
26	2
27	1
30	1
31	1
32	1
34	1
35	2
37	1
38	1
39	1
41	2
42	2
44	1
45	4
46	3
47	5
48	5
49	1
50	3
51	5
52	2
53	4
54	7
55	9
56	12
57	12
58	16
59	7
60	8
61	14
62	9
63	9
64	16
65	9
66	4
67	9
68	2
69	1
70	1

TOTAL ASPIRANTES

198



## ANEXO I

**XUNTA DE GALICIA**

CONSERVATORIO ESTATAL SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROBA DE INGRESO Ó PRIMEIRO LOXSE

NOME E APELIDOS.....

1- DURACIÓN: \_\_\_\_\_

2- INTENSIDADE: \_\_\_\_\_

Indica se o segundo son é máis  
 longo ou máis curto có primeiro.

Indica se o segundo son é máis  
 forte ou máis débil có primeiro.



(longo)

(curto)

(forte)

(débil)

- |      |                          |                          |
|------|--------------------------|--------------------------|
| 1.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 2.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 3.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 4.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 5.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 6.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 7.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 8.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 9.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 10.- | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

- |      |                          |                          |
|------|--------------------------|--------------------------|
| 1.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 2.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 3.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 4.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 5.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 6.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 7.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 8.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 9.-  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| 10.- | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

3- TONO: \_\_\_\_\_

Indica se o segundo son é máis agudo ou máis grave có primeiro



	(agudo)	(grave)
1.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
7.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
8.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
10.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

4- TIMBRE: \_\_\_\_\_


Indica se os dous sons que vas escoitar están tocados polo mesmo instrumento ou por distinto instrumento.



	(igual)	(diferente)
1.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
7.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
8.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
10.-	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

5- RITMOS:

Indica se os esquemas rítmicos que vas escoitar son iguais ou diferentes.



(igual)

(diferente)

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-
- 8.-
- 9.-
- 10.-

6- MEMORIA TONAL:

Indica cal é o son que cambia ó escoitalo por segunda vez.

- |      |   |   |   |
|------|---|---|---|
| 1.-  | 1 | 2 | 3 |
| 2.-  | 1 | 2 | 3 |
| 3.-  | 1 | 2 | 3 |
| 4.-  | 1 | 2 | 3 |
| 5.-  | 1 | 2 | 3 |
| 6.-  | 1 | 2 | 3 |
| 7.-  | 1 | 2 | 3 |
| 8.-  | 1 | 2 | 3 |
| 9.-  | 1 | 2 | 3 |
| 10.- | 1 | 2 | 3 |

7- OÍDO HARMÓNICO:


Indica se escoitas un ou dos sons ó mesmo tempo.



- |     |   |   |
|-----|---|---|
| 1.- | 1 | 2 |
| 2.- | 1 | 2 |
| 3.- | 1 | 2 |
| 4.- | 1 | 2 |
| 5.- | 1 | 2 |
| 6.- | 1 | 2 |
| 7.- | 1 | 2 |
| 8.- | 1 | 2 |
| 9.- | 1 | 2 |

ANEXO II

Nº DE SUXEITOS



## O ESTUDIO DAS LITERATURAS NA REFORMA DO ENSINO

---

*Ana María Platas Tasende*

Instituto de Bachelato Rosalía de Castro  
Santiago de Compostela

Falar da Literatura no futuro ensino pode provocar unha certa perplexidade á vista do que se avexia coa *reforma*. Por iso, parece útil unha previa ollada sobre o posto que ocupa esta materia no deseño conxunto das disciplinas. Tralo establecemento do que debe se-la súa función, cómpre observar se a *reforma* atende a ese obxectivo, propor camiños, se non o atende, e rematar, en fin, no tema central de como se ha integrar nel o enfoque da Literatura non hispánica.

Na *Historia da Literatura* e das súas manifestacións buscaban os gregos e sempre se seguiron a buscar dende eles- modelos dos máis altos logros conseguidos coa fusión de palabra e pensamento. Procuraban enriquece-la súa cultura individual e fomenta-lo espírito crítico, conscientes de que nin o presente nin o porvir se comprenden, nin son

nada, nin significan nada se non se coñece o pasado. Nel e no seu desenvolvemento áchanse as bases de todo o noso, da linguaxe, das tradicións, da ética, da política, das artes, da nosa condición irrenunciabile de seres humanos, cobizosos de saber, desprezadores da ignorancia.

Na Educación Secundaria Obrigatoria que polo seu mesmo nome debe de xulgarse un primeiro Bacharelato, ampliable con outro potestativo para quen queira acceder ó ensino superior, na ESO, pois, os estudos de Literatura resultan moi difíciles de atopar, seguramente porque, afeitos a pensar como os gregos, non damos entendido o rompemento que supoñen as novas propostas.

Se nos fixamos nalgúns textos que recollen, pensamos que por forza, os proxectos de modificación dos estudos medios<sup>1</sup>, lemos, por exemplo: “Nesta

1. Vid. o titulado *Educación Secundaria Obrigatoria. Desenvolvemento Curricular. Secuencias de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, por Ciclos, para as áreas de: Lingua Galega e Literatura. Lengua Castellana y Literatura*, Gabinete de Estudio para a Reforma Educativa, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1992. Os dous Desenvolvementos Curriculares son practicamente iguais, polo que esta análise é válida para as Literaturas nas dúas linguas.



etapa de Secundaria non hai separación entre Lingua e Literatura, senón que a Literatura se presenta integrada na Lingua porque se considera o discurso literario como un feito comunicativo" (p.9). Diante disto, puidera un coidar que, malia a polémica e finalmente imposta aplicación da LOXSE, as cousas non andan des-nortadas: a Literatura é Lingua, e unha obra literaria constitúe un acto de comunicación. Tamén se ve lóxico, doutra banda, que algo tan trabado como a Lingua e as súas manifestacións estéticas non se manteña dissociado á hora da aprendizaxe.

Ben distinto, sen embargo, é deter-se na análise das *Secuencias de obxectivos e contidos*. Non acougamos por máis que se nos diga que o Currículo presentado "ten un carácter aberto e flexible", ou que "non ten carácter prescriptivo, senón que o seu obxectivo é o de facilitar un material que oriente, no seu traballo, ós equipos docentes", que serán os que leven a cabo unha concreción dos proxectos curriculares "que debe responder ás características dos alumnos, do centro e do contorno" (p. 3). Dende un profundo respecto por quen opine o contrario, advírtese que o tradicionalmente propio da Lingua aparece perfilado cunhas vagas pretensións de coherencia e de detalle baixo os epígrafes "Lingua e Sociedade" ou "A lingua como obxecto de reflexión"; o que se supón terra de todos ubícase no baúl de "Comunicación oral e escrita", e, por fin, outras cousas, entre as que se albisca o vocábulo *literatura*, agrúpanse cunha estremecedora falta de precisión baixo o título "A lingua literaria".

De certo, o labor prioritario deste Desenvolvemento Curricular é proporcionar suxerencias ó profesorado. Aínda así, non ousamos dar creto a un panorama tan desorientativo para o Primeiro Ciclo (dos doce ós catorce anos), nin imaxinamos como un alumno sen case ningunha base teórica acadará situar un "texto no seu contexto cultural e literario" (p.21). Quizais o concepto da nova literatura considere prioritario ler sainetes, escenificar contos, cancións e romances ou redactar relatos, poemas e diálogos: todo indispensable, dende logo, como práctica e arranque das vocacións de lectores, actores e escritores, pero moito máis axeitado ós Estudos Primarios que ós Secundarios, nos que só ha constituir un punto de apoio, ben que de excepcional importancia. Pero, ¿de qué fundamentos han partir os futuros Meendinho, Molière, Margarita Xirgu, Rilke, Cunqueiro ou Cela, a quen, por certo, os profesores non parecemos te-la obriga de mencionar?

Propostas semellantes, dunha maior amplitude, exténdense ó Segundo Ciclo. Agora imos traballar con mozos que, ós seus catorce anos, han dar, por Decreto, un electroencefalograma plano no que á cultura literaria se refire. Así será se antes non aproveitamo-la idade na que hai unha grande ansia de recepción, forza de concentración e afán innato de saber na media normal do alumnado. Non parece arriscado afirmar que, despois dun Primeiro Ciclo tan práctico, sufriremo-la impotencia de obter algo tan elemental como que os nosos pupilos establezan "relacións entre obras, autores e movementos máis relevantes da Literatura(...)" e

os elementos máis destacables do contexto cultural, social e histórico no que aparecen" (p. 28). Non sobrará engadir que o sinalado, que polo menos fala, sen delimitar nada, de "obras, autores e movementos" ocupa menos da centésima parte deste Desenvolvemento Curricular do Segundo Ciclo e que é o bastante etéreo como para sementa-las interpretacións máis variadas entre o profesorado.

Nótase, non obstante, un plausible achegamento á teoría literaria, ós procedementos de análise e de comprensión de textos, ás composicións escritas e ás intervencións orais de moi diversos tipos: aquí están concentrados os meirandes acertos dos DC, mais non se ofrece detalle algún do que hai que facer co que tradicionalmente se chamou Historia da Literatura. E de ningunha maneira, anque se someta a un proceso de redución selectiva, debe de menosprezarse.

Doutra parte, se se arrinca de que a Literatura é "un feito comunicativo", ¿ por que non tratala coa mesma minuciosidade -quizais exhaustividade-, que a adicada ós outros medios de comunicación? Ó final destes catro anos os nosos alumnos desenvolverán un áxil espírito crítico diante das torpezas, ou dos acertos, da linguaxe na prensa, na televisión, na radio e dos seus acompañamentos colorísticos, lumínicos, subliminais e musicais. Non se menciona sequera que deban coñecer a fermosísima linguaxe na que se *comunicaron* Alfonso X, Manrique ou Fray Luis.

Podería ocorrer que nos Seminarios se presentasen serias dúbidas sobre como afronta-lo estudio da Literatura, que contidos e que obxectivos son os prioritarios. Mesmo podería chegar a cuestionarse a pertinencia da historia literaria, pois por ningures se nos di que aprendamos quen foron Virxilio, Dante, Shakespeare, Cervantes, Calderón, Rosalía de Castro, Valle-Inclán ou Celso Emilio Ferreiro...

Obsérvase un interese especial por fomenta-la lectura deixando no faiado ó escritor e ó seu contexto. Estáse a esquecer que Literatura non somentes é xogo, aínda que sempre o sexa un pouco e nestas idades máis. En Literatura hase cultivar a admiración que proporciona o aveciñármonos ós homes e ás mulleres que, nunhas condicións e nun tempo concretos, crearon as súas obras elevando a linguaxe ós maiores graos de competencia e de expresividade, para facela cristalizar nas que son algunhas das máis altas manifestacións do espírito humano. Este é o concepto que, como dixemos, chegou dos gregos ata nós.

Non quixeramos pasar por retrógrados con esta teima dos gregos. Veñamos a hoxe.

Nun fermoso libriño, *Edad Media y literatura contemporánea*, impreso en Madrid pola editorial Trieste en 1985 e froito da pluma de Juan Benet, Fernando Fernán Gómez, Jaime Gil de Biedma, Juan Goytisolo e Francisco Rico pode verse un artigo deste último, "Literatura e Historia de la Literatura", tan orixinal e impres-



cindible como todo o que escribe. Citando textualmente a Borges, sinala que “Cada escritor crea a sus precursores. Su labor modifica nuestra concepción del pasado, como ha de modificar el futuro” (p. 112) e relaciona esta afirmación do arxentino coa descrición da Literatura esbozada por T. S. Eliot en “Tradition and the Individual Talent”, do seu libro *The Sacred Wood* (1920), que é a seguinte<sup>2</sup>: “O sentido da historia é o que impulsa a un a escribir... consciente de que toda a literatura de Europa, dende Homero ata aquí, ten unha existencia simultánea e compón unha orde simultánea”. “Non hai poeta... que por si só teña plenitude de significado. O significado, a apreciación que lle corresponde, supón apreciar a súa relación cos poetas de onte... Non cabe xulgallo illado: hai que situalo, para cotexo e parangón, xunta ós autores de onte”. E segue a dicir Eliot, “Enténdaseme, trátase dun principio de crítica estética, non meramente histórica”. “...ó crearse unha nova obra de arte, ocorre algo que afecta simultaneamente a tódalas precedentes” (pp. 112-113). Francisco Rico, tras manifesta-lo seu acordo con Eliot e con Borges, expón opinións semellantes exemplificando sobre tres textos (un soneto de Quevedo, *La vida de Lazarillo de Tormes* e *El caballero de Olmedo*) e remata, despois dunha convincente demostración, coas verbas seguintes: “el poema, la novela y el drama recién considerados incluyen la mucha materia afín que les precedió y el proceso en que fue gestándose tal materia. La literatura, hoy, es la

conciencia del ámbito en que esos fenómenos se han producido y continúan produciéndose: la conciencia histórica de sí misma, la historia de la literatura (...). En literatura, la tradición, la historia, no aherraja sino a quienes tienen vocación de esclavos: para los otros es el más fértil reino de la libertad” (pp. 129-130).

Na mesma liña atopamo-los traballos do catedrático Darío Villanueva, que no seu libro *El polen de ideas* (Barcelona, PPU, 1990) lembra tamén a Eliot e sinala que “todos los escritores, desde Homero hasta el propio Joyce, son contemporáneos entre sí, y también lo son nuestros, de forma que ninguna literatura es completa en sí misma, ni se puede comprender una obra cualquiera sin el apoyo de otras lecturas, cuanto más numerosas mejor” (p. 9). Villanueva engade, ademáis, que o estudio da Literatura, para ser completo, ha resultar “de la armonización e intercambio entre cuatro disciplinas, la Teoría, la Crítica, la Historia y la Literatura comparada” (p. 10).

¿Con que rigor poderán face-los nosos adolescentes as prácticas de Literatura comparada que *sí* aconsellan os Desenvolvementos Curriculares? ¿E os estudos de Retórica, Métrica e Teoría da Literatura, que tamén se nomean? ¿Dende que agro baldeiro van analizar e comparalos textos sen a apoiatura básica dunha historia literaria periodizada que tería que se-la primeira pedra, ben asentada, de todo o demais? ¿Como afondar na importancia

2. Tradúcense ó galego as citas de Eliot utilizadas para argumentar polo profesor Rico.

dunha metáfora se non se degusta o esforzo e a inspiración, as tradicións e a cultura que pesan sobre o escritor que a conseguiu?

Por se subestimar unha das súas partes esenciais, a súa evolución histórica e estética, desintegróuse nos DC esa ensamblaxe de materias que forman en conxunto o que entendemos como Literatura. Non nos chega que aludan ás facultades de decisión que os Seminarios van ter: ¿por que daquela se escribiu, nitidamente, que se explique a oración simple ou a estrutura da palabra e non que se fale de Lope ou dos movementos literarios da avangarda? A LOXSE conseguirá, con tantos recortes por tódalas bandas, que os estudantes rematen a ESO, ós dezaseis anos, ledos e amoreados, segundo o cómodo modelo político do que Huxley falou hai xa tanto tempo. E quédanos por ver que é da Literatura no Bacharelato: se alguén non o remedia, de novo unha cincuenta.

O feito de que nos DC se mencione, anque non se concrete, algo de evolucións, movementos, interrelacións, épocas e autores abre polo menos unha vía para que poidamos traballa-la literatura galega, a castelá, a universal, a Literatura. Xa antes se dixo que a Educación Secundaria Obrigatoria é a derradeira oportunidade de acceso ó saber para quen non siga máis alá. Se a etapa non obrigatoria dos dezaseís

ós dezaioito anos -o Bacharelato- pode supoñer un avance nos coñecementos, non restemos importancia á previa. Tódolos nosos alumnos, sexa cal sexa a súa idade, son cidadáns do século XXI, dun mundo sen fronteiras. Por iso nós, máis ca nunca, deberemos concibi-lo feito literario como único e universal, nun pleno sentido sincrónico e diacrónico, polo menos no que atinxe á cultura do Occidente. E por iso ós nosos discípulos, igual que lles falaremos dos escritores antigos, farémolles coñecer, poñamos por caso, a Flaubert, Dostoievski, Ibsen, Zola, Chejov, Kafka, Joyce, Pirandello, Faulkner, Sartre ou Beckett, creadores de tan fecunda proxección sobre os de hoxe mesmo.

O tratamento da literatura estranxeira foi variando nos sucesivos plans de estudos<sup>3</sup>. Algúns lembrámonos de cando nos falaban, con prudencia, dos *Veda*, do *Mahabharata* ou do *Panchatantra*, e, dende ahí, do máis notable da literatura non hispánica ata o abrente deste século que remata. Os estranxeiros do XX nomeábanse moi pouco, o mesmo que os españois contemporáneos. A situación política favoreceu ás veces este esquecemento tan antinatural.

No Bacharelato que agora temos, as referencias a autores doutros países inicianse no ano segundo<sup>4</sup> cos do *trecento* italiano, aínda que se alude a clásicos grecolatinos ó se estudar obras do castelán

3. De aquí en diante as referencias a programas de Literatura redúcense ós da castelá, anque se segue a defender un ensino integrado da materia: moitas suxerencias están feitas pensando tamén na literatura galega.

4. Non trataremos da Literatura nos cursos específicos de Letras, ós que xa non acceden tódolos alumnos.

por eles influídas. O teatro inglés e mailo francés dos séculos XVI e XVII aténdense en temas precisos, o noso século XVIII explícase en boa parte polas súas débedas con Francia, e, xa co Romanticismo e o Realismo, alúdese a moitas figuras de diversas nacionalidades. Outro tanto ocorre cos diferentes movementos estéticos que se van sucedendo ó longo do século XX. Tamén se ve un pouquiño de literatura latinoamericana e de catalana. A galega ocupa o seu propio posto na nosa Comunidade.

Dous son os defectos fundamentais deste programa do Segundo Curso do BUP: a súa amplitude desorbitada e as lecturas fragmentarias, abondosas para o castelán, escasas para o estranxeiro, mais en todo caso tantas que non deixan, se o profesor non o impide, tempo para a reflexión sobre algunhas obras enteiras. Isto é extremadamente perigoso, pois o significado último dun texto non pode xurdir da súa visión parcelada. Os anacos das producións literarias son eficaces para variados exercicios prácticos, pero adoitan fomentar actitudes negativas de cara á lectura. Os rapaces teñen que gozar tamén do sabor de textos completos.

Polo que toca á Literatura como materia común no Bacharelato actual, recordemos que non figura no programa de Latín de Segundo, tampouco en ningún curso do BUP, nin no COU, como complemento das linguas estranxeiras vivas. Tales circunstancias fan recaer hoxe -e parece que mañá tamén- todo o peso do ensino da Literatura nos profesores das linguas galega e castelá. Da coordinación

entre nós van depender saberes humanísticos fundamentais.

Cara ó futuro, resultaría quizais proveitoso arrincar, na Secundaria, dunha programación semellante á hoxe vixente no Segundo de BUP, é dicir, dunha sucinta visión da literatura española relacionada coa mundial, pero agora cun sensible incremento desta última. O desenvolvemento dun currículo, que se ha alternar co da lingua castelá ó longo dos catro anos, haberá que formulalo baixo criterios de selección e de síntese. É evidente que non imos abarcala literatura mundial dende o acoso e a minucia, senón a través dos movementos, autores e obras máis representativos do pensamento e a cultura da humanidade, e, dende logo, daqueles que orixinaron as evolucións e as renovacións estruturais, temáticas, técnicas e estilísticas da Literatura mesma. Todo, anque non sexa moito, con orde e claridade.

O uso de esquemas que engloben todo aquilo que, sendo necesario, non dea tempo de explicar é indispensable como enlace e punto de apoio. O alumno debe sabe-lo que houbo antes, no medio e despois, anque sexa dunha maneira moi resumida; do contrario non terá posibilidades de interrelación nin comprenderá o porque de certas influencias. Un primeiro esquema, por exemplo, podería estar feito sobre a literatura clásica grecolatina, de tantas resonancias posteriores e tan abandonada nos estudos medios actuais. Para moitos será curioso observar como interesa aquel mundo, a Idade Media ou o Barroco, e como poucos o rexeitan porque lles atrae o antigo, fonte de tantas suxerencias.

Eses esquemas e resúmenes non deberán de tomarse como instrumentos de tortura que o alumno engula de memoria, senón como materiais de referencia e de consulta. Entre eles non sobrarán un repertorio de estrofas e outro de termos literarios que recolla o esencial dos artificios retóricos, do vocabulario usual en Literatura e de certas cuestións técnicas e estruturais, moitas xa especificadas nos DC. O continuado manexo de toda esta bagaxe rematará por facela familiar.

Pode que o problema máis serio xurda á hora de escoller lecturas. Moitas serán deses anacos escolmados que permiten un encontro fugaz co autor e o seu contexto e serven tanto para traballos escritos e orais como para pequenas tarefas de interrelación. Xa se falou antes, sen embargo, do fracaso ó que nos arriscamos abusando deste sistema.

Por iso, convirá intercalar lecturas de obras completas. Un total de vinte textos ó longo dos catro anos do Ensino Secundario Obrigatorio veríase, quizais, como unha proposta viable, pero aumentar ou reducir ese número dependerá do criterio do profesor e da capacidade dos seus discípulos. O repertorio terá que coirdarse moito: a xuventude sente ás veces unha especie de medo ante os libros demasiado extensos ou demasiado antigos. De esforzármonos por atopalos máis axeitados ós gustos dos rapaces e propor aqueles que, malia a súa remota época de creación, ofrezan valores atractivos e vixentes, depende a meirande parte do noso éxito e da nosa responsabilidade.

Lendo esas obras os alumnos tomarán contacto con outros tempos, outras maneiras de pensar e de vivir, outras relixións, outros costumes, outros países, outras culturas. Mentres tanto, aprenden a ser tolerantes, valoran o que de eterno e inmutable hai nos homes, exercitan o seu espírito crítico e amplían os seus horizontes máis alá da súa propia nación e da súa propia circunstancia. Se ben isto non é pouco, pódese engadir algo, a modoño, sobre as débedas e os influxos artísticos, as técnicas e os recursos de estilo máis recoñecidos en cada autor. Os intereses que academos espertar deberemos estricalos ó máximo. Será doado achar neles a xénese doutros novos.

O feito literario tampouco é, por outras das súas facetas, un feito illado. Non hai ningunha disciplina que tanto dependa das demáis como a Literatura. Non pode entenderse sen o apoio da Historia, a Arte, a Música, o Cine, a Xeografía, a Filosofía, a Relixión, a Antropoloxía, as Ciencias experimentais e, en fin, de todo o que aumente a cultura do home e amplie a súa visión do mundo. Isto é o que fai tan custosa e mesmo tan imperfecta e inalcanzable a ensinanza da nosa materia: á aprendizaxe dos alumnos pódenselle poñer unhas certas fronteiras, pero a do profesor non remata xamais.

Todos temos experiencias, trucos e sistemas pedagóxicos que proceden do día a día en contacto cos rapaces. O importante agora é poñelos en práctica e equilibrar nas programacións o peso da Lingua e o da Literatura, conscientes de que coa

segunda non estaremos senón reflexionando sobre a primeira<sup>5</sup>. A nós correspóndenos ensinar a ler con interese e con proveito, facer que o alumno saiba que o placer que arrinca do texto débese a que dende dentro del moitos resortes manexados pola habilidade dun escritor serven para atraelo. Ese placer que os estudantes atopen nos libros gardará proporción coa riqueza de coñecementos que posúan, e deses coñecementos, dosificados e adaptados a cada idade, seremos incitadores nós.

Tentamos, pois, unha aproximación ás dificultades con que a LOXSE ameaza o ensino das literaturas e propu-

tra, variables cualitativas e cuantitativas, agrupacións de datos, intervalos de clase, tabulación, histogramas, diagramas de sectores e pictogramas, medidas de centralización e dispersión).

### 2.- Procedementos

---

- Utilización de números en diferentes contextos elixindo a notación máis axeitada ó caso.
- Aproximación de medidas segundo a precisión requirida.
- Formulación verbal de estratexias de cálculo.
- Emprego correcto de instrumentos de medida e debuxo habituais.
- Emprego correcto das fórmulas de lonxitudes e áreas de corpos xeométricos para medir magnitudes.
- Utilización das razóns trigonométricas para a medida indirecta de lonxitudes e ángulos.
- Medida aproximada da área dunha figura xeométrica descompoñéndoa noutras máis simples.
- Estratexias para aproximar medidas de uso na zona ás do sistema métrico decimal.
- Utilización da representación a escala para medir magnitudes reais.



- Representación de figuras semellantes empregando a escala.
- Utilización de sistemas de referencia axeitados para definir con certa precisión a situación e posición dun obxecto. Coordenadas no plano e xeométricas.
- Emprego de escalímetros.
- Utilización de distintas fontes documentais.
- Organización e realización individual e colectiva de toma de datos empregando técnicas de sondaxe, mostreo, reconto e construción de táboas.
- Construción de gráficos a partir de táboas elixindo en cada caso o tipo máis axeitado.

### 3.- Actitudes, valores e normas

- Confianza que proporcione a suficiente seguridade como para facer uso efectivo de calquera destreza e coñecemento matemático que posúan.
- Disposición a incorpora-las diferentes linguaxes matemáticas á linguaxe cotiá.
- Interese por atopar-la estratexia de cálculo máis axeitada en cada caso.
- Disposición para realizar cálculos exactos e aproximados confiando nas súas capacidades.

- Curiosidade e interese para investigar fenómenos da vida cotiá recoñecendo e valorando a utilidade das matemáticas na devandita investigación.
- Sensibilidade e gusto polo rigor e a precisión na realización dos cálculos e pola presentación ordenada e clara do proceso a seguir e dos resultados obtidos.
- Recoñecemento e valoración do traballo en equipo como a maneira máis eficaz de levar a cabo determinadas actividades.

## ACTIVIDADES

Deseñáronse dous tipos de actividades; o primeiro para ser realizado dentro da aula e propiciar así un coñecemento previo da zona e o segundo, constituído por unhas fichas de campo, destinouse á realización de distintas orientacións e medicións na natureza durante os percorridos cos que finalizámo-lo proxecto.

No primeiro grupo de actividades e co obxectivo de conseguir unha valoración final sobre os progresos, realizouse unha sondaxe previa sobre o grao de coñecementos e experiencias de cada alumno en traballos semellantes ó proposto, pasando, a continuación, á exposición de corenta actividades en orde crecente de dificultade e divididas en grupos ás que se dedicou unha hora semanal de clase mediante as que se trababan de conseguir como metas:

### En canto ó estudio topográfico

a) Chegar a calcular coa maior aproximación posible os límites e a área da fraga de Cecebre tal como era en 1943 e tal e como é na actualidade.

b) Realizar perfís topográficos co maior número de accidentes posible.

### En canto ó estudio estatístico

Aprender técnicas de recompilación de datos para aplicalos ás condicións económicas e socioculturais do municipio coa finalidade de agrupalos construíndo táboas estatísticas nas que se atoparían medidas de centralización e dispersión para rematar con toda clase de gráficos dos resultados.

De entre as actividades propostas neste primeiro grupo citaremos como exemplos as seguintes:

**Actividade 9.-** Trazar sobre o mapa o itinerario:

Apeadeiro - Peiraió - Formigueiro - Cerexeiro - Ribeiriña - Horto de Arriba - Seixurra - Apeadeiro, tendo en conta a realidade do lugar. Facer un cálculo aproximado dos km. percorridos no antedito itinerario.

*¿Como relaciónan-las lonxitudes de dúas figuras semellantes?*

*¿Estamos diante dun mapa de escala grande ou pequena?*

**Actividade 17.-** Coordenadas Xeográficas, Coordenadas Lambert e UTM.

Explicación do que é un coordinatógrafo. Cada grupo debe construí-lo seu para dar ó metro das coordenadas UTM dos seguintes puntos:

a) Igrexa de San Salvador de Cecebre.

b) Cruce da estrada LC-214 coa A-9.

**Actividade 23.-** Coa axuda dos pais e avós e baseándote na novela “*El bosque animado*”, trata de delimitar sobre o mapa o máis precisamente posible a fraga de Cecebre tal como era en 1943 (data da publicación da novela); despois localiza os límites da fraga actual e fai un cálculo aproximado da súa superficie en ámbalas dúas épocas.

*¿Como relacionas as áreas de dúas figuras semellantes? ¿Ante os resultados obtidos, pareceche importante que o home se preocupe de coida-lo seu medio?*

**Actividade 32.-** Perfil Topográfico: Construcción. Constrúe o perfil topográfico M. Pega (53400 94475) - C. de Horto (58200 91450) atravesando Peiraió. Á vista do anterior perfil, atopa a pendente entre Fraguíña e Peiraió.

**Actividade 37.-** Pídese ós grupos que acudan á Casa do Concello de Cambre para recoller mostras que amo-

sen datos numéricos correspondentes ás seguintes variables cualitativas:

X: Titulacións académicas da poboación.

Y: Actividade profesional dos seus habitantes.

Cada grupo debe presentar por escrito os datos recollidos e as respostas ás seguintes preguntas:

*¿É representativa a mostra que escolliches? ¿Por que?*

*¿Poderíanse agrupar dalgunha forma os datos obtidos? ¿Como?*

*¿Axudaría a anterior agrupación a ter unha visión máis clara da información? ¿Por que?*

*¿Existe algún valor arredor do cal se agrupan a maior parte dos datos? ¿Canto se distancian estes do antedito valor?*

O segundo grupo de actividades consistiu en entregar ó alumno unha serie de fichas de campo antes de cada saída, recomendando a súa lectura previa para poder subsanar calquera dificultade de comprensión ou de claridade nalgunha exposición.

Cada ficha constaba dunha explicación para realizar exercicios de medición ou orientación e unhas actividades de aplicación sobre a marcha. Estas debían ser contestadas nun caderno de

campo no que deberían rexistrar, o máis rapidamente posible para evitar olvidos, as observacións e medidas realizadas. Anotando o lugar, a data, a hora e as condicións meterolóxicas. As medidas realizadas sobre o campo, direccións, ángulos e estimación de lonxitudes tamén debían quedar reflexadas no caderno indicando o método utilizado na súa determinación. Se se realiza algún croquis a escala con ditas medidas será necesario anotar tanto a escala como a orientación do mesmo.

Cada grupo de alumnos ía provisto dun compás de peto, calculadora, clinómetro, escalímetro e caderno de campo.

## AVALIACIÓN

A metodoloxía empregada orixinou unha evolución satisfactoria do proceso; cada alumno intentou superalas súas deficiencias mediante un esforzo persoal proporcional ó interese que sentía pola súa zona e o traballo que sobre ela se realizaba. As frecuentes interven-

cións de membros de distintos grupos lograron que se sentiran en todo momento partícipes activos, modificando o plan previsto co fin de engadir algunha cousa necesaria para a interacción con outras disciplinas e suprimir outras ás que non atoparon utilidade.

A maior dificultade xurdiu ó ter que utilizar con precisión os termos matemáticos que expresasen de forma oral ou escrita os resultados. Aínda que nun principio os distintos grupos obtían resultados semellantes, a medida que foi crecendo a dificultade, observáronse diferencias notables causadas case sempre por algún erro de cálculo ou de concepto que se subsanou cunha posta en común na que o profesor axudaba a concretar exposicións demasiado xerais.

Como resumo, pode dicirse que a utilización da investigación na aula ten sempre o agradecemento dos alumnos xa que estes recibiron con ilusión e interese o proxecto e, malia as dificultades xurdidas, a maior parte deles remataron o traballo proposto.

# FICHAS DE CAMPO


## ORIENTACION EN EL CAMPO

Orientación en el mapa: Para reconocer los rasgos topográficos de una región, montes, ríos, valles, etc., representados en el mapa, situarse sobre un punto elevado de la zona y orientar el mapa. Para ello ajustar previamente la brújula, girando su limbo graduado hasta hacer coincidir la letra N con el índice fosforescente de la plancha y a continuación:

1) Colocar la brújula sobre el mapa. Para ello0 extendido de manera que las líneas de dirección de la brújula marcadas sobre la plancha sean paralelas a los meridianos del mapa o, en su defecto paralelos a los bordes laterales del mapa.


2) Manteniendo en la posición anterior el conjunto brújula-mapa, girarlo hasta que el extremo de la aguja magnética marque el Norte.

3) De esta manera los accidentes geográficos del mapa quedarán orientados con la misma posición relativa en la que pueden ser observados y reconocidos en la realidad.



## ACTIVIDADES

- 1.- Marca sobre la fotocopia de tu mapa las líneas N-S y E-W.
- 2.- Orienta la fraga de Cecebre y dibuja en tu cuaderno de campo un croquis a escala de ésta, indicando en él la dirección N-S.
- 3.- Busca en tu mapa el valor de la declinación e indica en un momento cualquiera del itinerario, con ayuda de la brújula, la dirección del Norte geográfico.
- 4.- Localiza el río y el valle. ¿Cuál es su orientación? ¿Están relacionadas las anteriores orientaciones?.
- 5.- Orienta en nuestro hemisferio la Solana y la Umbría. ¿Cómo sería su orientación en el hemisferio Sur?.
- 6.- Utilizando la brújula realiza el ejercicio de orientación que quieras siempre que lo hagas en su momento del itinerario.



ITINERARIO I





# INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS DO GALEGO E O INGLÉS

no español do alumnado do colexio español  
"Vicente Cañada Blanch" de Londres

*Carmen Suárez López*

## 1. INTRODUCCIÓN

Á hora de concibir un traballo deste tipo é necesario precisar, en primeiro lugar, a metodoloxía que se propón empregar. Para este punto resultou moi interesante a lectura dos dous libros recomendados para este curso. A metodoloxía que se vai aplicar neste proxecto está tomada dun deles: *Sociolingüística. Teoría y análisis*, Carmen Silva Corvalán, 1989.

Esta autora propón os seguintes pasos a seguir nun estudio sociolingüístico:

1. Observación da realidade e hipóteses de traballo.
2. Selección de falantes.
3. Recompilación dos datos.
4. Análise dos datos.

4.1. Identificación da variable.

4.2. Identificación dos contextos.

4.3. Codificación.

4.4. Cuantificación e aplicación de procedementos estatísticos.

4.5. Interpretación dos resultados.

Intentouse, nun principio, seguir este esquema, pero, ó atopar certas dificultades nos puntos 4.2, 4.3 e 4.4, decidiuse suprimilos coa esperanza de poder abordalos nun traballo posterior máis completo tanto na mostra coma nos aspectos analizados.

O guiión de traballo será o seguinte:

1. Observación da realidade e hipótese de traballo.
2. Selección de falantes.
3. Recompilación dos datos.
4. Análise dos datos.

## 5. Interpretación dos resultados.

De acordo con esta proposta comezaremos por explica-los motivos que nos impulsaron a propoñer un estudio sociolingüístico que tiña como obxectivo o alumnado do Colexio Español "Vicente Cañada Blanch" de Londres.

## 2. OBSERVACIÓN DA REALIDADE E HIPÓTESE DE TRABAJO

---

O alumnado do Colexio Español de Londres está formado, fundamentalmente, por fillos de emigrantes que proveñen, na súa meirande parte, de Galicia e que se corresponden case na súa totalidade coas migracións que tiveron lugar nos anos sesenta. Aínda que nun principio puidera parecer unha poboación homoxénea, non o é en absoluto, podéndose establecer a seguinte serie de grupos:

a) Alumnos nados en Londres de pais galegos que manteñen o contacto con España a través de Galicia. Estes nenos e nenas coñecen a lingua galega a través dos seus pais e durante as vacacións, xeralmente as de verán, e da súa extensa familia (avós, tíos, primos, etc.).

b) Alumnos nados en España que permaneceron nela ó coidado de familiares, xeralmente os avós, ata alcanza-la idade escolar, momento no que se trasladan a Londres e se integran no colexio.

c) Alumnos pertencentes a unha segunda xeración de emigrantes; nestes casos foron os avós os que emigraron e os seus pais naceron xa no Reino Unido.

d) Alumnos fillos de matrimonios mixtos galego/castelán, andaluz, vasco, etc.; galego/inglés, colombiano, etc.

e) Alumnos chegados directamente de España, onde realizaron tódolos seus estudos. Estes alumnos normalmente chegan ó Colexio para estudar 3º de BUP e/ou COU.

Lingüísticamente, o alumnado deste centro presenta características moi especiais, posto que non só conviven neles o inglés e o español, senón que, ó ser na súa meirande parte de orixe galega, presentan unha situación de partida bilingüe español-galego.

Todos estes nenos e nenas falan entre si en inglés, están escolarizados en inglés e castelán e, nalgúns casos, manteñen como lingua familiar o galego, de aí que se detecten tanto nas súas manifestacións orais coma nas escritas numerosos casos de interferencias lingüísticas entre estas tres linguas.

A esta breve descrición haberá que engadi-las diferentes valoracións sociais que cada unha destas linguas presentan neste contexto. Atopámonos aquí coa variable social do prestixio. Este pode ser considerado ben como unha conducta, ben como unha actitude, é dicir, o prestixio é algo que se ten, pero tamén que se concede. Pódese defi-



ni-lo prestixio coma un proceso de concesión de estima e respecto cara a individuos ou grupos que reúnen certas características e que leva á imitación das conductas e crezas destes individuos ou grupos.

Ferguson (1959) introduce o prestixio como unha das novas características que determinan o concepto de diglosia. O prestixio posúeo a lingua ou variedade alta, a superior, a máis elegante e a máis lóxica, e négaselle á variedade baixa, á que en moitos casos nin sequera se lle recoñece a súa existencia.

No caso que nos ocupa conviven tres linguas valoradas socialmente de maneira moi distinta. O inglés é na actualidade a lingua de comunicación internacional e a lingua da cultura actual sobre todo para os xoves. É a lingua na que se realiza a maior parte da cinematografía e da música pop, é dicir, popular. O español vén avalado por séculos de prestixio e cultura e uns trescentos millóns de falantes en todo o mundo. Por último o galego supón a lingua familiar, moito máis limitada tanto xeograficamente coma polo seu número de falantes.

Atopámonos, pois, cun alumnado que presenta algún punto de contacto con Galicia, ben por medio dos seus pais e avós, ben por eles mesmos, que recibe as clases en español e en inglés, pero que se relaciona cos seus iguais (compañeiros de curso, amigos e mesmo irmáns) en inglés, fala cos seus pais en español ou en galego e coa súa familia estensa

(primos, tíos e avós fundamentalmente) en galego.

Unha vez observada esta poboación, considerouse moi interesante realizar un estudio das posibles interferencias lingüísticas que se poden producir entre estas tres linguas; para isto escolleuse o español como lingua vehicular da entrevista.

O obxecto deste traballo será, polo tanto, o estudio das interferencias lingüísticas do galego e o inglés no español dos alumnos e alumnas do Colexio Español "Vicente Cañada Blanch" de Londres.

### 3. SELECCIÓN DE FALANTES

En primeiro lugar efectuouse unha observación do alumnado co fin de determinar que suxeitos eran susceptibles de estudio pormenorizado. Esta observación efectuouse mediante dúas vías. A primeira consistiu na observación directa na aula, naqueles grupos nos que eu impartía clases de lingua. A segunda foi a través dos meus compañeiros de claustro, ós que solicitei axuda para localizar suxeitos susceptibles de estudio. A eles teño que agradecer a súa colaboración non só á hora de seleccionar falantes, senón, no caso do profesorado de párvulos, no momento de efectuar as gravacións que sen a súa colaboración tal vez non foran posibles, posto que os máis pequenos son máis tímidos diante de persoas que non coñecen.

A mostra recollida abrangue tres grupos definidos da seguinte forma:

a) Un primeiro grupo de alumnos e alumnas de párvulos comprendidos entre os cinco e os seis anos. Escolleuse este grupo por se-lo primeiro que se escolariza no colexio ó non existir ningún ciclo de Educación Infantil.

b) Un segundo grupo de alumnos e alumnas de 6º de EXB, con idades comprendidas entre os 11 e os 12 anos.

c) Un terceiro grupo de alumnos e alumnas de 2º de BUP, con idades comprendidas entre os 15 e os 16 anos. A razón pola que se escolleu este tramo de idade explicouse con anterioridade ó relaciona-los diferentes tipos de alumnos deste centro e é que neste colexio tanto os alumnos de 3º de BUP coma os de COU son, na súa maioría, recién chegados de España e realizaron tódolos seus estudos neste país, polo que as súas características lingüísticas non se axeitan ó obxecto deste estudio.

### 4. RECOMPILACIÓN DOS DATOS

Procedeuse á gravación de conversas cos diferentes alumnos, procurando propiciar un ambiente distendido que non tivera nada que ver cunha clase de lingua. Preguntouse polas súas afeccións, polas súas actividades durante as fins de semana, onde pasaban as súas vacacións e as súas actividades durante as mesmas, as súas comidas favoritas e aquelas que menos lles gustaban, etc.

Cando a conversa sobre estes temas non daba para moito recorreuse a preguntar polos libros lidos ou as últimas películas vistas no cine ou a televisión solicitando que contaran o seu argumento.

En tódolos casos procurouse que as conversas duraran entre trinta e corenta e cinco minutos, para o cal se tivo que proceder a efectuar dúas sesións de gravación co mesmo suxeito, debido a que na primeira non había suficiente material recollido.

## 5. ANÁLISE DOS DATOS

O esquema que se seguiu para a análise dos datos é o que presentan A. Quilis, M. Adell e outros no estudio *Interferencias lingüísticas en el habla de los niños españoles emigrantes en Francia* (M.E.C., Madrid, 1982), por consideralo moi axeitado para este tipo de traballo sociolingüístico. Dado que a mostra recollida para o estudio que nos ocupa é moi pequena para determinar unha única variable lingüística, considérase máis oportuno unha análise global dos datos para poder detecta-los fenómenos máis característicos da fala destes suxeitos.

### GRUPO I

*Mostra tomada:* catro suxeitos  
*Sexo:* dous nenos e dúas nenas  
*Idade:* cinco anos

Fenómenos detectados:

### 1. Nivel Fónico

a) Vocalismo:

As tres linguas en contacto nestes falantes presentan sistemas vocálicos diferentes:

Español	Galego	Inglés
/i/ pipa	/i/ fillo	/i:/ see
/e/ pez	/e/ pelo	/i/ six
/a/ paz	/ε/ papel	/e/ ten
/o/ tos	/a/ capa	/æ/ had
/u/ pus	/ʊ/ farol	/a:/ hard
	/o/ mellor	/ʊ:/ hot
	/u/ muller	/u/ put
		/ / door
		/u:/ boot
		/^/ cut
		/ɜ:/ first
		/ð/ sister

Presencia de vocais abertas e pechadas /ε/ /ʊ/. Este fenómeno podería explicarse como influencia do galego onde, como se veu, se dá esta diferenciación fonolóxica:

*entgra*: (gal. *enteira*), en galego esta palabra realízase cun diptongo e en español *cunha* soa vocal, así, por confluencia das dúas articulacións, acaba realizándose, neste caso, como e aberta.

*miçdo* (gal. *medo*), en galego utilízase e aberta neste caso, polo que se transfire no exemplo presentado, aínda que no español se trate dun diptongo.

Øso: coa primeira vocal cerrada en galego.

É curioso sinala-la aparición de metafonía, fenómeno existente no galego que consiste na influencia do *o* da sílaba final sobre a vocal da sílaba anterior cerrándoa un grao e a influencia do *a* nas mesmas circunstancias abrindo un grao a vocal da sílaba anterior:

Øsa (debería ser con /o/ pero, por influencia da vocal final a vocal anterior ábrese un grao).

A utilización de vocais abertas e pechadas provoca mesmo confusión no caso da palabra *mes*; a súa vocal debería ser pechada xa que no galego existe a oposición *mēs* (*mies*)/*mēs* (*mes do ano*), e que o alumno realiza como aberta querendo referirse ó periodo de tempo.

#### b) Consonantismo:

Aparición de gheada nalgúns casos: *lechuga* /lezçuha/; *achegadita* /atçeha'dita/; *tobogán* /tobo'han/. Este fenómeno é característico da lingua galega e esténdese por todo o territorio.

Consiste na realización fricativa faringal da *g*.

*Playa* /*Plaia*/: Pronunciación da *y* /*j* / como *i* /*i*/; dado que en galego non existe a grafía *y* nin o sonido correspondente, os falantes asimilan o mesmo co que consideran máis parecido, neste caso a vocal *i* hai que ter tamén en conta neste caso que a palabra galega é *praia*, polo que se podería pensar nun cruce entre ámbolos dous casos.

#### c) Entoación:

A maioría dos entrevistados mantén a entoación galega, sendo a proporción neste grupo de tres a un.

## 2. Nivel Gramatical

---

### a) *Sintagma nominal*:

#### 1. Xénero:

Confusión dos xéneros gramaticais dalgúns sustantivos, posiblemente por influencia do galego, onde se realizan deste xeito:

*La puente* (feminino en galego)  
*La agua* (en galego a *auga*)

#### 2. Adxectivos:

*Más mejor* (traducción da expresión inglesa *much better*)

### b) *Sintagma verbal*:

## 1. Verbo:

*Cuando marcharon los niños* (emprego dun tempo simple no canto do pluscuamperfecto *habían marchado*).

*¡Ta guago!*, (a forma *ta* en galego é dialectal, equivale a *está* e pertence ó Bloque Oriental).

*Para poderemos nadar* (utilización do infinitivo conxugado, construción propia do galego, pero inexistente en español).

*Estaba indo para a cocina*, (no canto do xerundio español *yendo* utilízase a forma galega do xerundio do verbo *ir*, *indo*).

## 2. Utilización dun verbo por outro:

Mención aparte merece a utilización do verbo *coger* e os seus múltiples significados. Como se observará, sobre todo máis adiante, cando se analicen as particularidades doutros grupos, este verbo é utilizado como palabra baúl por case tódolos falantes. Resulta difícil sen un estudio máis pomenorizado decidir se a influencia é inglesa (verbos *to get* ou *to take*) ou galega (verbo *coller*).

*Tiene una casa, quiere coger otra*, (utilización de *coger* como traducción do verbo *to get*, neste caso co significado de *conseguir*).

## 3. Perífrases verbais:

Numerosos exemplos da perífrase IR+A+INFINITIVO sen a preposición A tal e como se realiza en galego:

*Se iba convertir en una sirena.*

*Voy ir con las azafatas.*

*Le voy decir a mi papá.*

*Estaba indo para a cocina.*

## 3. Nexos de relación

a) *Conxuncións:*

Utilización do nexo de relación *y más copia* do galego *e máis*, algunhas veces realizado só como *más*:

*... costilletas y más carne y más chicha.*

*Duermo en casa de mi abuelo y más en el Castelo.*

*Se casaron beauty y más el príncipe.*

*Yo más mi hermana*

b) *Preposicións:*

Abundancia da contracción *pra*, moi utilizada no galego oral pero incorrecta na lingua escrita:

*Pra andar por el mar.*

*Se fue pra televisión.*

*Todos fuimos pra cama.*

Utilización do pronome posesivo detrás de preposición: *El viene detrás mía* por influencia do galego *vén detrás miña*.

Utilización da preposición *en* en expresións de tempo: *Viene en lunes* polo inglés *on monday*.

## Nivel Léxico-Semántico

---

### 1. Anglicismos:

*Cogió el teléfono y no sabía que estaba engaged* (... non sabía que estaba comunicando, ocupado).

*Cuando venga el Father Christsmas* (cando veña Papá Noel).

*El sitting-room* (o cuarto de estar).

*La shop* (a tenda)

*Chocolate* /'tʃɒklət/, (pronunciado como en inglés).

*El niño estaba diciendo: ¡help! ¡help!* (¡Socorro! ¡Socorro!).

*Le gusta sardina, jamón, chicken* (gústalle sardiña, xamón, polo).

*Jugar a cartas* (por influencia da expresión inglesa *play cards*).

*Jugué con todo mío* (por traducción da expresión inglesa *play with all mine*).

*Fish fingers* (tipo de peixe rebozado e frito, literalmente “dedos de peixe”).

### 2. Galeguismos:

Numerosas manifestacións con diferentes usos do verbo *botar*, verbo de grande uso e, polo tanto, enorme rendemento en lingua galega:

*Botaban por el otro lado* (polo español *echar*).

*Siempre me están botando las culpas a mi* (... está echando...).

*Me botó la culpa que yo lo pisé* (me echó ...).

*Lo botó para la cama* (lo mandó...).

*Se bota para la cama* (se sube...).

*Botar pegamento* (echar...)

*Botamos la cocina* (puxémola, fixemos obras ou remodelacións nela).

*Botar en el horno*. (Poner...)

*Las billas* (los grifos).

*De diante* (de delante).

*Io* (por *fío*, traducción en galego da palabra *hilo*)

*Agarró el fecho y lo abrió* (...la cerradura ...).

*Cangrejo* (por *cangarexo*; neste caso realizase un cruce entre a palabra galega e a española *cangrejo*).

*Rabuñar* (arañar).

*Cogió la ferramenta de su papá* (...las herramientas...).

## GRUPO II

---

*Mostra tomada*: catro suxeitos.

*Sexo*: dous nenos e dúas nenas.

*Idade*: once anos.

Fenómenos detectados:

### 1. Nivel fónico

---

Non se observaron as mesmas características ca no grupo I polo que se refire ó vocalismo e ó consonantismo. Neste último apartado só sinalar que un dos suxeitos pronuncia o r de forma gutural.



a) *Entoación*:

Neste grupo a maioría dos entrevistados presenta entoación inglesa: 3 fronte a 1 (neste último apréciase unha forte entoación galega).

## 2. Nivel gramatical

---

a) *Sintagma nominal*:

## 1. Xénero:

Utilización errónea do xénero de certas palabras inglesas das que non se coñece o correlativo en español:

*Es como una hall muy grande* (en español utilízase con xénero masculino).

*Mis subjects favoritos son* (materias ou asignaturas).

## 2. O artigo:

Ausencia do artigo naqueles casos en que non se empregaría en inglés:

*Está estudiando historia de arte* (en inglés "history of art"). En español o correcto é dicir "historia del arte".

*Jugar a tenis, jugar a baloncesto*. A expresión inglesa é "play tennis" e "Play basket". En español o

correcto é o emprego do artigo diante do sustantivo: "Jugar al tenis", "Jugar al baloncesto". Cómpre subliñar que na actualidade a forma empregada polos entrevistados é moi abundante en contextos deportivos e de adolescentes, tal vez por influencia do deporte americano.

*Siempre que ibamos para cama*, ausencia do artigo ó ser tradución directa do inglés "we went to bed".

b) *Sintagma verbal*:

## 1. Verbo:

Utilización de tempos simples no canto dos correspondentes compostos con *haber*, por influencia do sistema verbal galego:

*Y ya se fueran los primos*, emprégase o imperfecto de subxuntivo en lugar da forma correcta que sería o pluscuamperfecto de indicativo, polo que a frase correcta sería: "Ya se habían ido los primos".

Acentuación grave na cuarta persoa dos verbos simples: /sabiámos/ no canto de /sabíamos/

## 2. Utilización dun verbo por outro:

Numerosas realizacións do verbo *coger* como tradución do verbo inglés *to get/to take* ou do verbo galego *coller* (ve-lo apartado 2.b.2. do

Grupo I):

*No cojo ninguna* (non acerto).  
*Tengo dos y siempre cojo la que no tiene que ser* (...utilizo...).  
*Le dijo que cogiera clases de disparar* (...asistiera a clases...).  
*Cogí un ocho* (obtuve ...).  
*Para coger acentos* (...poner ...).

3. Perífrases verbais:

Construcción incorrecta da perífrase verbal IR+A+INFINITIVO. Esta construción en galego non se utiliza coa preposición "a":

*Le iban dar algo para comer.*

### 3. Nexos de relación

---

a) *Conxuncións:*

Utilización do nexo copulativo *y más*, traducción do galego e *máis*:

*El piso lo tiene él y más su novia.*

b) *Preposicións:*

Erros no uso das preposicións por traducción directa do inglés:

*Por las ocho y veinte*, quizais traducción da expresión inglesa "by"+ expresións de tempo, que significa "non máis tarde dunha hora determinada".

c) *Otras expresiões:*

Utilización da expresión *si cuadra*, traducción do galego "se cadra", co significado de "quizais, tal vez":

*Si cuadra estoy hasta octavo, si cuadra me voy en octavo, si cuadra me quedo aquí.*

Utilización do adverbio inglés de afirmación *yeah* /je/ coma conxunción hilitativa.

Utilización da expresión *tú sabes*, calco do inglés "you know" con función fática ou de contacto, tal e como se emprega en inglés coloquial. En español utilízase a expresión *sabes* sen suxeito, xa que en español non é obrigatorio o emprego do suxeito diante do verbo coma en inglés.

### 4. Nivel léxico-semántico

---

1. *Anglicismos:*

*Licencia de conducir* (traducción do inglés *driving licence*, en español *dise permiso de conducir*).

*Ahora lo van a llevar al court* (...Tribunais...).

*Van a hacer una assembly* (...reunión ou asamblea).

*Helado de melocotón y raspberry* (...frambuesa).

*Voy a probar a ser un lawyer como mi hermana* (...a ser un abogado...)

*Está en la nursería* (...guardería).

*En el screen pone finish* ("en la pantalla pone fin").

*Me gustan lengua, inglés, science y matemáticas* (resulta curiosa a relación das materias que se efectúa. No colexio as matemáticas impártense en español e as ciencias naturais en inglés, polo que o alumno emprega o nome da materia na lingua en que aprende esta. Sen embargo non fai o mesmo coa disciplina de inglés, da que si coñece a palabra en español).

*Era muy sad, porque así no se podía ir a la playa* (era moi triste...).

*Lo cogí en la librería* (...biblioteca, en inglés *library*).

*Mis subjects favoritos*

*Me gusta fruit salad* (...ensalada de frutas ou macedonia).

*No me gustan los vegetales* (...verduras, en inglés *vegetables*).

*La computadora* (ordenador)

*Tiene shops* (...tendas).

*Son tres floors* (...pisos ou plantas).

*Es headcheff en el restaurante.* (xefe de cociña)

*Cogió una pelota spongy* (... "esponjosa o de esponja").

*El se hace en ratón* (convírtese en rato, a expresión inglesa emprega o verbo *to become* que significa converterse, facerse, chegar a ser).

*Me gusta cuando en la escuela hacen los discos* (...ponen música, discos).

## 2. Galeguismos:

*Le quiso aprender a otros niños* (... enseñar..., en galego este verbo significa "ensinar" ou "aprender").

*Te empieza a abanear tu cuerpo*  
(mecer, acunar, menear).

## GRUPO III.

---

*Mostra tomada:* catro suxeitos

*Sexo:* dous mozos e dúas mozas.

*Idade:* 16 anos.

Fenómenos detectados

### 1. Nivel fónico

---

a) *Entoación:*

A maioría dos entrevistados ten entoación inglesa (3/1)

### 2. Nivel gramatical

---

a) *Sintagma nominal:*

1. Xénero:

Emprego de *calor* con xénero feminino. En galego esta palabra é feminina, pero en español considérase o seu uso feminino como un vulgarismo:

*Y más esta calor, no es una calor, calor, es algo más pegajosa.*

2. Artigo:

Presencia do artigo en construcións que en español non o levan, posiblemente por influencia ou tradución de expresións inglesas:

*Sólo sé que ganó Felipe González por la cuarta vez* (seguramente traducción de la expresión inglesa *for the fourth time*).

b) *Sintagma verbal*:

1. Verbo:

Confusión de tempos verbais:

Emprego do presente polo futuro: *despues pienso cual va a ser la cosa que más me gusta* (segundo o contexto o verbo debería se-lo futuro *pensaré*).

*Así podrían saber que quisieran ellos ser en el futuro* (emprego do pretérito imperfecto de subxuntivo cando debería ser un condicional simple).

Expresións de tempo pasado con futuro: *Ya habrá años*, por “hace muchos años” ou “hace mucho tiempo”. En galego existe a expresión *Xa habrá anos* con este mesmo matiz expresivo.

2. Utilización dun verbo por outro:

Diferentes relacións co verbo *coger*, convertido en palabra baúl nos tres grupos de falantes (ver apartado 2.b.2 do estudio do Grupo I).

*Aún no sé que carrera voy a coger* (... escoger).

*Posiblemente cogeré diploma en los tres años* (...obtdndré...).

*Lo que más me gustaba era matemáticas, solía coger sobresaliente* (...obtener, sacar...).

3. Perífrases verbais.

IR+A+INFINITIVO realización desta perífrase sen preposición A como nexo de relación tal e como se emprega en galego:

*Si yo tengo hijas no las voy llamar Rosa Mari.*

*Voy cenar.*

*Voy pra cama.*

### 3. Nexos de relación

a) *Conxunción*:

Ausencia desta partícula nalgúns casos por influencia de construcións inglesas: *No tengo idea* (por influencia da expresión inglesa *I've no idea*; en español a forma correcta é *no tengo ni idea*).

b) *Preposicións*:

Presencia da contracción *pra* (para+a), típica do galego oral. A forma de pronunciación relaxada en español sería “pa”:

*Voy pra cama.*

Utilización da preposición *por* en expresións de tempo onde o español emprega *durante* ou *desde*, por tradución de expresións inglesas coa preposición *for*.

*Van a ir a Gales por cinco días.*

*Vivo en Londres por quince años.*

Neste caso trátase dunha tradución directa da construción inglesa "I've been living in London for fifteen years", de aí que exista en español unha confusión no tempo verbal, dado que as expresións correctas poderían ser: "Llevo quince años viviendo en Londres" ou "vivo en Londres desde hace quince años".

#### 4. Nivel léxico-semántico

##### 1. Anglicismos:

*Me gustan las películas de thrillers* (...de suspense).

*Hago baby-sitting los sábados* (cuido nenos...).

*Me voy para un college inglés* (O "college" pode entenderse ben coma un colexio maior, ben coma unha escola universitaria, neste caso a entrevistada refírese a estudos non universitarios equivalentes ó 3º de BUP ou COU, polo tanto resulta difícil traduci-la expresión cunha soa palabra).

*Me dijo que me podrían poner un use-training* (ensinanza equivalente ó FP).

*Hago kick-boxing, es como full-contact* (este tipo de deporte denomínase en español co nome inglés, a única tradución posible sería "loita libre").

*Vengo en el Underground* (...Metro).

*Veo Neighbourhs y Home and away* (series televisivas de gran audiencia).

##### 2. Galeguismos:

*Nos está aprendiendo aún "la gitana"*

*Me gusta el congrio y los bois.*

## 6. INTERPRETACION DOS RESULTADOS

Analizando os diferentes niveis podemos observa-los fenómenos seguintes:

##### 1. Nivel Fónico:

Neste nivel só aparecen interferencias de tipo vocálico (presencia de vocais abertas e fechadas por influencia do galego) e consonántico (aparición do fenómeno característico galego da gheada) no Grupo I, é dicir, nos falantes de cinco anos de idade.

É curiosa, sen embargo, a evolución da entoación, xa que nos Grupos I e II a proporción é favorable ó galego, tres dos falantes de cada Grupo empregan esta entoación contra un que presenta entoación inglesa en cada caso. No Grupo III dáse o caso contrario, a entoación inglesa é a predominante en proporción de tres a un con entoación galega. Dáse, polo tanto, unha inversión total dos datos, habería que ter en conta, ó estudar este aspecto, a variable da idade

##### 2. Nivel Gramatical:

En tódolos grupos detéctanse vacilacións no xénero dos sustantivos,

se ben no Grupo I claramente son por influencia do galego e nos Grupos II e III por influxo do inglés.

Outra característica común a tódolos grupos de falantes no campo das interferencias lingüísticas é o sintagma verbal. Neste aspecto tamén se detectan máis casos no Grupo I e estes son característicos da influencia do galego (presencia do infinitivo conxugado, utilización de tempos simples no canto dos correspondentes compostos, etc.). Dado que o sistema verbal inglés é moi semellante ó español na utilización dos tempos compostos, esta interferencia non se dá no grupo III, que, sen embargo, presenta vacilacións no uso dos tempos verbais dunha natureza diferente.

É significativo subliña-la utilización do verbo *coger* por parte de tódolos grupos de falantes; é este un fenómeno moi interesante, pois resulta difícil determinar se a influencia é do galego ou do inglés. No caso do galego sería influencia da utilización na devandita lingua do verbo *coller*, pero no caso do inglés conflúen os significados de dous verbos *to get* e *to take*. Podería resultar moi interesante profundizar neste apartado nun estudio posterior.

Seguindo co sintagma verbal, un fenómeno presente en tódolos Grupos estudados é a utilización da perífrase verbal IR+INFINITIVO, característica da lingua galega, posto que a forma correcta en español debe incluí-la preposición A como nexos de relación.

### 3. Nexos de Relación:

Nos Grupos I e II son abundantes as utilizacións do nexos copulativo *y más*, que se explica pola influencia do galego *e máis*. Este fenómeno non aparece, sen embargo, no Grupo III.

No apartado das preposicións cómpre subliñar que no Grupo I as interferencias son, na súa meirande parte, influencia do galego, no grupo II aparecen interferencias do galego e do inglés e no Grupo III só se detectan interferencias do inglés.

### 4. Nivel Léxico-Semántico:

Neste nivel destaca a presenza do léxico inglés empregado por tódolos falantes, porén, tamén resulta interesante a súa evolución, xa que no Grupo I a presenza do léxico inglés e galego dáse nunha proporción similar, pero nos grupos II e III as interferencias léxicas galegas perden representatividade perante o aumento do léxico inglés detectado.

Como conclusión xeral podemos afirmar que as interferencias do galego e do inglés nos alumnos do Colexio Español "Vicente Cañada Blanch" de Londres presenta unha clara evolución, sendo maioritaria a presenza de interferencias lingüísticas procedentes do galego no Grupo I e claramente de procedencia inglesa no Grupo III, manifestándose o grupo II coma un grupo de transición entre ambos.




# ***Reseñas***

*feitas por*

- ⇒ *Jose Luis Valcarce Gómez*
- ⇒ *Javier Vilariño Pintos*
- ⇒ *Fernando González Muñoz*
- ⇒ *Fernando González Muñoz*
- ⇒ *Ana M.ª Platas Tasende*
- ⇒ *Rodolfo García Alonso*
- ⇒ *Celso Currás Fernández*







A linguaxe alxebraica é unha das ferramentas máis potentes que se utilizan nas matemáticas. O grao de abstracción que require o seu correcto manexo está ó alcance de individuos nos que é posible o pensamento abstracto, isto é, que son capaces de realizar operacións formais sobre obxectos simbólicos. Este estadio alcánzase xeralmente entre os 12 e os 16 anos. Pero chegar a utiliza-la linguaxe alxebraica con pertinencia e coherencia require unha aproximación lenta e progresiva, que vaia desde a competencia nas operacións con números concretos e coñecidos polos alumnos ata a manipulación de expresións alfanuméricas. O libro que nos ocupa, *Preálgebra*, publicado por Addison-Wesley Iberoamericana, presenta unha serie de actividades encamiñadas, entre outros, a este fin.

Publicado en 1992, é unha tradución dun texto destinado a ser lido por alumnos anglosaxóns. A versión española está adaptada a alumnos de Porto Rico. A súa lectura non é aconsellable para os estudantes españois por varios motivos entre os que cómpre subliña-lo

uso excesivo de notacións numéricas diferentes ás utilizadas en España (por exemplo, a coma para as unidades de millar), a non utilización do Sistema Métrico Decimal (agás, curiosamente, no capítulo destinado ó seu tratamento) e o emprego doutro sistema monetario, uso de terminoloxía distinta á estándar (por exemplo, raio no canto de vector).

Con todo, a distribución do material e só parte da serie de actividades presentadas ten un indubidable valor para o profesor de Matemáticas de Educación Secundaria Obrigatoria, nun momento en que non existe nin variedade nin abundancia de materiais que sirvan de apoio ó labor docente. Tódolos contidos do libro (agás o tratamento inadecuado que fai do uso do ordenador, baseado exclusivamente na presentación de fontes en Basic que resolvan algúns dos tópicos tratados), están incluídos no Deseño Curricular Base de Matemáticas da ESO aínda que non chegan a abranguelo por completo. Os bloques de "Números y operaciones. La medida", "\_lgebra" e "Estadística" trátanse de

**Título:** *Preálgebra*  
**Autores:** Phares G. O'Daffer  
Stanley R. Clemens  
Randall I. Charles  
**Editorial:** Addison-Wesley / 1992

forma estensa, e en moito menor grao os contidos correspondentes a “Geometría” e “Análisis”.


Unha das virtudes do libro reside en presentar un posible tratamento transversal dalgúns dos contidos. Así, en cada un dos capítulos, ofrécense actividades relacionadas cos seguintes tópicos: destrezas de desenvolvemento do pensamento, diversos procedementos de cálculo mental (comporación, agrupamentos, separación de números, etc.), técnicas para realizar estimacións (redondeos, estimados de primeiro díxito, etc.), uso da calculadora, etc.

A resolución de problemas tamén está presente ó longo do texto. En cada capítulo resólvense un ou dous problemas contextualizados e ás veces déixase algún aberto. Paseniñamente, vaise indicando como aborda-las fases de resolución dun problema (entende-la pregunta, buscar datos, investigar un plan de resolución, atopa-la solución e verificala) e algunhas estratexias para a resolución (facer debuxos, facer listas organizadas, facer táboas, buscar patróns, traduci-las expresións alxebraicas, usa-lo razoamento lóxico, etc.). A gama de problemas é variada en canto ós temas que tratan e en canto ó número de solucións (unha solución, máis dunha ou ningunha).

Tódolos capítulos inclúen un apartado titulado “De los números al álgebra” nos que, engordado, se pretende introducir ós alumnos no manexo de expresións alxebraicas a partir de situacións numéricas, de xeito que ó final do libro se chega a traballar con polinomios, as súas operacións e as súas propiedades.

Aínda que, nun sentido estricto, os capítulos do libro non constitúen as unidades didácticas dunha programación anual (o material supera con moito o contido dun curso académico) o libro pode servir de axuda para que os profesores de Matemáticas de ESO organicen os contidos do DCB correspondente nunha secuencia e se sirvan dos numerosos exercicios e problemas que contén coma unha fonte de recursos para presentar actividades ós alumnos. Así mesmo, proporciona unha vía (“de los números al álgebra”) que pode ser válida (existen outras, quizais máis modernas, como as que parten da xeometría ou do estudio das funcións que neste libro non se tocan) para que os alumnos cheguen a contactar coa linguaxe alxebraica.

*Jose Luis Valcarce Gómez*



<b>Título:</b>	<i>Testimonio Visual del Arte: Perspectiva.</i>
<b>Autor:</b>	Alison Cole
<b>Editorial:</b>	Blume, Barcelona / 1993
<b>Núm. páxinas:</b>	64
<b>Tamaño:</b>	22.5 x 28,5 cms.

Atopámonos cun libro de divulgación que é dunha precisión de datos e dun rigor pouco comúns neste tipo de publicacións. Neste libro preséntanos Alison Cole, de xeito moi ameno, unha análise crítica da loita artística e técnica por conseguir reproducir a visión natural do espazo en toda a súa exactitude. É un paseo polos logros conseguidos desde os artistas do Renacemento, con citas dos mesmos, que explican, de xeito comprensible, as súas obsesións polas imaxes perspectivas. É un adentrarse na perspectiva total, nos seus trazados, nas súas cores, nas súas simboloxías. Móstranos os procedementos e instrumentos ideados para reproducir con maior rigor a visión natural do espazo e presenta unha selección dos máis importantes tratados ó respecto a través da Historia. Todo isto cunhas espléndidas ilustracións que serven de base ós comentarios que realmente desenvolven cada capítulo. Cos estudos dalgunhas obras de arte emblemáticas, como a Trinitade de Masaccio, A Flaxelación de Piero da Francesca ou a


bóveda e a cúpula de Andrea Pozzo na igrexa de San Ignacio de Roma, Alison Cole introdúcenos, como guía inmellozable, no mundo das representacións artísticas convertidas en testemuños dos saberes dos seus tempos, para despois desembocar nas obras cubistas, futuristas e surrealistas onde segue existindo a perspectiva pero con outra orde, como outra é a nova visión e representación do espazo.

Atendendo ó interese didáctico este libro é un magnífico complemento nas clases de debuxo e arte, sobre todo nas clases de debuxo técnico, onde se adoita explica-la perspectiva atendendo soamente ó seu aspecto de construción liñal, coma mero xogo de procedementos de trazado co único obxectivo de "saber pór unha perspectiva" tales ou cales obxectos ou espazos, sen ocuparse deste aspecto determinante: que é o seu desenvolvemento histórico. Sen estas pautas non poderemos valora-las imaxes espaciais doutras épocas.

Para o traballo que realmente se realiza na aula existen moitos tratados válidos. Con este que comentamos, pódese anima-la ensinanza técnico-artística co sentido perspectivo, como a representación do espacio verosímil suxeito ás tendencias estéticas e artísticas dos tempos como todo feito cultural.

En resumo, un libro recomendable para tódolos interesados na materia.

*Javier Vilariño Pintos*



**Título:** *Colección Clásicos en Galego*  
**Autor:** Manuel Díaz y Díaz  
**Editorial:** Xunta de Galicia  
 EditorialGalaxia

Recentemente veñen de ser publicados os volumes nove e dez da colección Clásicos en Galego, coeditada pola Xunta de Galicia e a editorial Galaxia, baixo a dirección de don Manuel Díaz y Díaz. A iniciativa xurdiu no ano 1987 coa intención de configurar un corpus de traducións ó galego de obras clásicas da literatura universal. Nesta tarefa había precedentes escasos, mais certamente brillantes, como, entre outros, a versión das Odas de Horacio que elaborara Aquilino Iglesia Alvariño, as traducións de poesías de Virxilio e doutros clásicos grecolatinos debidas á pluma de Avelino Gómez Ledo, ou as máis recentes traducións de Darío Xoán Cabana da Divina Comedia e o Cancioneiro de Petrarca. As obras publicadas ata agora na colección pertencen a distintas literaturas e a diferentes xéneros e estilos, pero trátase sempre de clásicos de valía excepcional, cunha mensaxe viva para nós despois de tantos séculos. Figuran entre os grecolatinos Catulo: *Poemas*, (trad. de Xosé Manuel Otero Fernández); Fedro: *Fábulas*, (trad.

de Xosé Carballude Blanco, Xosé M<sup>a</sup> Liñeira Reboredo e Rosa M<sup>a</sup> García Vilarriño); Tibulo: *Elexías* (trad. de Xosé Antonio García Cotarelo), Plauto: *Anfitrión*, *Asinaria*. (trad. de Mercedes Boado Vázquez e M<sup>a</sup> Xesús Frei Collazo); Aristófanes: *Nubes*, *Asamblearias* (trad. de Teresa Amado Rodríguez); Petronio: *Satiricón* (trad. de Xosé Antón Dobarro Posada e Dolores Gómez Quintás); Virxilio, Calpurnio Sículo e Nemesiano: *Poesía bucólica latina* (trad. de Fernando González Muñoz). Como representantes das literaturas europeas están: Shakespeare: *Soño dunha noite de verán*. *O mercader de Venecia*, (trad. de Miguel Pérez Romero), Hamlet (do mesmo), e o *Cantar de Roldán* (trad. de Camilo Flores Varela). Hai en preparación novos volumes entre os que están os Epigramas de Marcial e un roman de Chrétien de Troies.


As traducións, sempre revisadas por un experto no autor ou no xénero correspondente, veñen acompañadas polos textos orixinais, de acordo coas

mellores edicións dos mesmos. Unha introducción ós principais aspectos biográficos, históricos e literarios, así como un mínimo aparato de notas específicas, proporcionan ó lector as referencias imprescindibles para unha aproximación máis completa a estas obras, que retratan un mundo ás veces moi alonxado do noso. A inclusión do texto orixinal é, ante todo, unha testemuña de respecto cara este mesmo, a súa lingua e tradición, pero supón tamén unha invitación á un tipo de lectura activa, que permita disfrutar directamente da música e do xenio peculiar de cada lingua, así como efectuar un rico xogo intelectual baseado no contraste entre expresión orixinal, sentido e tradución.

A transcendencia dunha empresa coma esta resulta evidente. A tradución é unha actividade fundamental para a configuración da lingua e a tradición literaria dunha comunidade cultural. Abonda con termos presente todo o que deben as linguas europeas e as súas literaturas ás sucesivas traducións da Biblia: do hebreo ó grego, do grego ó

latín, e do latín ás linguas románicas e xermánicas. Se se quere algún exemplo máis íntimo, lembremos a Flaubert alternando no seu retiro de Croisset a dórosa redacción de *Madame Bovary* cos seus ensaios de tradución de poesía latina e grega, ou a Paul Valery componendo, a pesar das súas reservas para có xénero pastoril, unha maxistral tradución das bucólicas de Virxilio. En definitiva, unha lingua de prestixio debe procurarse os suficientes recursos para poder transmitir non só as ideas, vivencias e realidades presentes, senón tamén aquelas que configuraron outras xentes noutros tempos, por moi arredados que estean de nós. Canto máis se se trata das voces destes autores que sempre teñen algo que comunicar a cada individuo e comunidade nas sucesivas fases do seu desenvolvemento histórico. Daquela é importante que estes poidan ser lidos dende agora tamén en galego.

*Fernando González Muñoz*



**Título:** *Guía Medieval do peregrino*  
**Autor:** Aimerico de Poitiers  
**Traductor:** Xosé Eduardo López Pereira  
**Editorial:** Xerais Universitaria, Vigo / 1993

Entre o aluviión de publicacións relativas ó mundo xacobeo ó que temos asistido este ano, merece ser destacada unha moi especial: a traducción ó galego do libro V do Codex Calixtinus (Edicións Xerais. Universitaria. Vigo, 1993), que contén a primeira guía para peregrinos do Camiño de Santiago, composta por un tal Aimerico de Poitiers na primeira metade do século XII. O contido da obra responde á necesidade de promociona-lo Camiño na Europa contemporánea, establecendo as súas etapas e os lugares de culto que cómpre visitar, describindo os principais accidentes xeográficos, precavendo ós peregrinos dos posibles riscos, facendo curiosos xuízos sobre o carácter dos pobos, e, na súa parte final, proporcionando un precioso documento sobre o urbanismo da Compostela medieval e a feitura arquitectónica e artística da catedral. Se a valía documental do libro é sobresaínte, quizáis o que máis impresione a un lector profano sexa a imaxe que proporciona do Camiño como realidade viva, non só pola atención prestada

á diversidade dos seus espazos e xentes, senón tamén pola idea de que a peregrinaxe vai dispensar a aquel que a emprenda un conxunto de aventuras e de experiencias transcendentales.

A traducción, sempre solta e atenta ás dificultades léxicas e sintácticas presentadas polo texto, así como ás diversas solucións propostas polos estudosos de mesmo, ven acompañada por un limiar e un rico aparato de notas que nos presentan dun xeito claro os principais problemas relativos á autoría, natureza e contido do texto, á vez que aclaran bo número de detalles relativos á toponimia, haxiografía e prosopografía medieval, esenciais para obter unha comprensión cabal do mesmo. A oportuna inclusión do texto latino orixinal, colacionado directamente do Codex da Catedral de Santiago, presta á publicación un valor engadido, non só de cara ós filólogos ou especialistas na historia e na arte medieval, senón tamén para calquera lector sensible á esa sorprendente vitalidade e colorido que conserva o latín


escrito medieval nunha época no que xa fora desplazado polas linguas románicas no plano da fala. Temos que facer, nembargante, unha obxección de carácter formal: a lectura contrastada de traducción e texto orixinal sería moito máis cómoda se no volume éstes viñense enfrontados páxina a páxina, e non separados como é o caso. Sorprende, a este respecto, que quizáis por simple rutina as editoriais sigan aténdose a unhas prácticas incómodas para o lector, e que, cós avances en materia de tratamento de textos, non teñen por qué plantexar ningún problema técnico serio.

O autor desta versión e o catedrático de latín da Universidade da Coruña Xosé Eduardo López Pereira, bo coñecedor desta parcela do saber histórico e filolóxico, e que leva anos comprometido coa tarefa de afondar nas raíces tardo-

antigas e medievais da cultura e a identidade histórica galega, como o proban o seu estudio sobre os escritores da *Gallaecia* na Antigüidade Tardía e a súa traducción ó galego doutro libro de viaxes abondo coñecido: o *Itinerarium de Exeria*, onde se nos conta as experiencias vividas por unha muller da fin da antigüidade na súa peregrinaxe a Xerusalén e outros santos lugares. É unha afortunada coincidencia que gracias ó traballo do mesmo estudioso teñamos dende agora á nosa disposición dúas testemuñas de valor universal sobre os itinerarios, físicos e espirituais, dos nosos antigos devanceiros.

*Fernando González Muñoz*





**Título:** *Crónica de una muerte anunciada. Guía de lectura*  
**Autor:** Luis Alonso Girgado  
**Editorial:** Tambre, A Coruña/ 1993  
**Núm. Páxinas:** 225

A aparición nas nosas librerías deste novo estudio de Luis Alonso Girgado vai aportar unha axuda inestimable ós profesores e ós alumnos de COU. Os cambios no programa de Literatura española implican, por fin, e sen restar mérito a obras outros anos incluídas, a entrada dunha novela de Gabriel García Márquez. Trátase da máis querida por el, unha das máis perfectas que ata agora escribiu, unha novela curta, engaioladora, enganosa na súa facilidade só epidérmica, pois oculta unhas técnicas e unha estrutura verdadeiramente complexas.

Iníciase esta *Guía...* cunha biografía do Nobel colombiano na que se van alternando, coas circunstancias da vida, datos de relevo sobre os feitos históricos, sociais e culturais do seu país, as lecturas e as posibles influencias recibidas doutros escritores. Ó mesmo tempo fábase dos seus traballos periodísticos e literarios en América e en Europa, e, por non nos alongar máis, da súa posición política. Despois dunha

detallada noticia das novelas e contos publicados, incluído-los derradeiros e fermosos *Doce cuentos peregrinos* (Mondadori, 1992), abórdase a análise de *Crónica de una muerte anunciada*.

Nunha primeira parte achegámonos a certos datos externos, pero inexcusables para o coñecemento da obra, que se van desenvolvendo en apartados como "Contextualización", "Lanzamiento editorial", "El autor ante su obra", "El escritor los hechos y los protagonistas", "La versión cinematográfica", "El término crónica y sus acepciones", "La Crónica ante la crítica"... Xa dende os inicios do traballo percibímonos-la extensa documentación que o autor manexa e o rigor co que procede.

Entramos logo no estudio interno da novela, nos seus compoñentes estruturais: a historia e a trama, o tempo e o espacio, o narrador e o punto de vista, a caracterización e as diferentes perspectivas dos personaxes son elementos arquitectónicos de primeiro orde observados


con todo detalle e ampliados coa análise dos temas, dos modos narrativos e do estilo. Se isto supón un valioso enfrontamento coas entrañas mesmas e coa plasmación lingüística do relato, non é menos meritorio o labor de escolma de oportunos fragmentos que, abundantamente, o exemplifican todo.

Remátase a Guía... cunha selección de textos críticos nos que diferentes autores abordan aspectos diversos de *Crónica...*, ós que se engaden verbas do mesmo Gabo sobre o seu oficio de escritor, a literatura, o periodismo ou a novela. Como final, atópanse fragmentos con preguntas para comentar, un glosario de termos dificultosos, en especial americanismos, e unha acertada bibliografía, do manexo da que, ó longo do estudio, se deron claras mostras. Non é pequeno, por certo, o esforzo que se agacha no compendio bibliográfico, pois, sen dúbida, o máis interesante sobre a obra que tratamos áchase neses artigos dispersos de non moi doado acceso.

O profesor Alonso Girgado con este minucioso traballo, de áxil e grata exposición, pon nas máns dos admiradores de Gabriel García Márquez, e sobre todo da súa *Crónica de una muerte anunciada*, a posibilidade dunha proveitosa lectura.

Non estará de máis, dende estas liñas, da-la benvinda á Editorial Tambre de A Coruña que agora mesmo xurde cun declarado propósito prioritario, que ogallá se cumpra: “proporcionar materiais para o desenvolvemento das destrezas comunicativas, da afición lectora, do hábito de convivencia cos *mass media*, do exercicio da reflexión e da educación a través da literatura, en actitudes e valores que integren ó individuo na Sociedade” (Ed. Tambre, Lengua y Literatura en Secundaria, Boletín de Información de Novedades, Otoño de 1993).

*Ana María Platas Tasende*



**Título:** *Técnicas y Juegos de expresión musical.*  
**Colección:** Innovaciones Pedagógicas.  
**Autor:** Begoña Lizaso  
**Editorial:** Alhambra/ 1990  
**Núm. páxinas:** 169

Atopámonos ante un libro esencial para os profesores de especialidade de Educación Primaria e de Música Activa dos conservatorios elementais, que enche un espacio onde a bibliografía é máis ben escasa ou onde a existente limitase, en xeral, a unha enumeración de actividades sen establecer obxetivos concretos.

Este libro móstranos un camiño seguro para chegar á música a través do xogo, da dramatización, da práctica e da prosodia ó tempo que nos abre as portas a unha metodoloxía globalizadora, indispensable para o neno en idades temperás

enfocada a través de centros de interese pretos ó mesmo pola súa temática: a cidade, o xardín, os indios e os contos.

Os obxetivos propostos no libro fan referencia á educación auditiva, rítmica e melódica, partindo da percepción e observación, para despois reaccionar ante as sensacións sonoras, iniciando máis tarde o canto e a interpretación en instrumentos de percusión a través de obstinatos, polirritmos e improvisación.

*Rodolfo García Alonso*





**Título:** *Educación compensatoria. Fundamento y programas*  
**Autor:** R. García López  
 B. Martínez Mut  
 P. Ortega Ruiz  
**Editorial:** Santillana, Madrid/1987

A educación compensatoria naceu nos Estados Unidos na década dos sesenta e chegou ó noso país con moitos anos de retraso cando, por riba, os seus resultados estaban sendo máis que cuestionados. A principios do ano 1.983 un Real Decreto do Ministerio de Educación e Ciencia creaba o " Programa de Educación Compensatoria " (PEC) de ámbito nacional, ó cal poden acceder as Comunidades Autónomas con transferencias educativas plenas mediante a sinatura anual dun Convenio co devandito Ministerio. Galicia sumouse a este Programa e, dende aquel ano 1.983, vén desenvolvendo distintos subprogramas desta modalidade educativa, fundamentalmente no ámbito de educación infantil e do ensino obrigatorio.

Este libro está dividido en dúas partes xerais. Na primeira faise unha análise histórica, conceptual e crítica da educación compensatoria así como dos principais programas que se veñen

levando a cabo a nivel internacional. Como conclusión propónse un modelo teórico integrador dos posibles enfoques neste tipo de educación.

Na segunda, de carácter máis práctico, estúdase a compensación nos diferentes ambientes en que se desenvolve a persoa: escolar, familiar, laboral e comunitario. En cada un deles deséñanse estratexias para a acción-intervención socio-educativa coa conseguinte proposta de programas de educación compensatoria específicos para cada un dos referidos ámbitos: conexión entre preescolar e ciclo inicial, habilidades interpersoais, formación ocupacional e formación de líderes comunitarios, respectivamente.

A constatación dun elevado fracaso escolar nas clases sociais máis baixas, por unha banda e a loita pola igualdade de resultados ( xa non de acceso ) educativos por outra, foron as dúas principais

causas que deron orixe à implantación da educación compensatoria como vía complementaria dos sistemas educativos pertencentes ós principais países desenvolvidos. O obxectivo fundamental desta modalidade educativa é, polo tanto, mellora-lo rendemento académico dos nenos procedentes de sectores socio-culturalmente desfavorecidos.

A educación compensatoria, como política reformadora optimista fracasou, pois o sistema escolar é impotente por si só para supera-la desigualdade de orixe do alumno. Para os autores desta obra, sen embargo, estes resultados negativos aumentaron a nosa comprensión precisamente desta incapacidade da educación nunha sociedade avanzada e veñen sendo pretexto para concienciarse da necesidade dun movemento de innovación e reforma educativa.

Diferéncianse no libro dous tipos de "Pedagogía da compensación": o correctivo, propio dunha política educativa e que da lugar a educación compen-

satoria e o preventivo, propio dunha política cultural da cal xorde a animación sociocultural. Os autores conceden grande importancia a este segundo tipo de intervención polo seu carácter ecolóxico, é dicir, porque deberá contemplar tódalas variables ou espazos onde se resolve o complexo proceso da configuración de cada individuo.

Emprega-lo paradigma ecolóxico na planificación da educación compensatoria supón preocuparse menos dos aspectos cuantitativos e de eficacia da educación e mais da análise interna dos procesos da aprendizaxe, é dicir, do que realmente sucede na aula, co fin de levar a cabo unha diagnose que permita programar axeitadamente unha determinada intervención educativa.

*Celso Currás Fernández*



# ***Novidades Editoriais***





## LINGUA E LITERATURA. ALGUNHAS NOVIDADES EDITORIAIS

---

### LINGUA

---

Real Academia Galega, *Pequeno Dicionario da lingua galega*, A Coruña, 1993.

Alvar Ezquerro, M., *La formación de palabras en español*, Madrid, Arco Libros, 1993.

Casado Velade, M., *Introducción a la gramática del texto del español*, Madrid, Arco Libros, 1993.

Escandell Vidal, M<sup>a</sup> V., *Introducción a la pragmática*, Barcelona, Anthropos, 1993.

González Calvo, J.M., *La oración simple*, Madrid, Arco Libros, 1993.

Martínez, J. A., *Oración compuesta y oración compleja en español*, Madrid, Arco Libros, 1993.

Porto Dapena, J. A., *El complemento circunstancial*, Madrid, Arco Libros, 1993.

Reyes, G., *Los procedimientos de cita: Estilo directo y estilo indirecto*, Madrid, Arco libros, 1993.

Vigara Tauste, A. M<sup>a</sup>, *Morfosintaxis del español coloquial*, Madrid, Gredos, 1992.

### NARRATIVA

---

*Antoloxía de Contos Populares de Galicia*, edición e introducción de Manuel Quintáns Surez, A Coruña, Tambre, 1993.

Brontè, E., *Cumbres borrascosas*, traducción de Carmen Martín Gaité, Barcelona, Ediciones B, 1993.

Cabana, D. X., *O milagre das estrelas. Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago*, Vigo, Xerais, 1993.

*Cuentos Populares*, selección de Luis Alonso Girgado, A Coruña, Tambre, 1993.

Fernandez Naval, F. X., *Tempo de crepúsculo*, Vigo, Xerais, 1993.

Fuentes, C., *El naranjo*, Madrid, Alfaguara, 1993.

Neira Vilas, X., *Charamuscas. Lar. Nai. Pan*, Vigo, Galaxia, 1993.

Ortega, G., *Los dinosaurios y otros relatos*, edición e introducción de Luis Alonso Girgado, A Coruña, Tambre, 1993.

Puértolas, S., *La corriente del golfo*, Barcelona, Anagrama, 1993.

Ribeiro, J. U., *La sonrisa del lagarto*, traducción de Mario Merlino, Madrid, Alfaguara, 1993.

Torbado, J., *El peregrino*, Barcelona, Planeta, 1993.

*Ultimos narradores. Antología de la narrativa breve española*, prólogo de Santos Sanz Villanueva, selección de Joseluis González y Pedro de Miguel, Pamplona, Hierbaola Ediciones, 1993.

Viale Moutinho, J., *Camiñando sobre as augas*, traducción de Xela Arias, Vigo, Xerais, 1993.

## TEATRO

---

Buero Vallejo, A., *El tragaluz*, edición e introducción de Luis Iglesias Feijoo, Madrid, Espasa-Calpe, col. Austral, 1993.

Plauto, *Anfitrión. Asinaria* (bilingüe latín-galego), traducción de Mercedes Boado Vázquez e M<sup>a</sup> Xesús Frei Collazo, Xunta de Galicia e Galaxia, col. Clásicos en galego, 1992.

Shakespeare, W., *Hamlet*, (bilingüe inglés-galego), traducción de Miguel Pérez Romero, Xunta de Galicia e Galaxia, col. Clásicos en galego, 1993.

## POESÍA

---

Bousoño, C., *El ojo de la aguja*, Barcelona, Tusquets, 1993.

## VARIOS

---

AA.VV., *Literatura española de COU. Textos comentados*, A Coruña, Tambre, 1993.

Alonso Girgado, L., *Comentario de textos poéticos del siglo XX. Metodología y análisis resuelto de siete poemas*, Barcelona, PPU, 1993.

García Marquez, G., *Crónica de una muerte anunciada. Guía de lectura*, Luis Alonso Girgado, A Coruña, Tambre, 1993.

AA.VV., *Propuestas de Secuencia. Lengua Castellana y Literatura*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia y Editorial Escuela Española, 1993.

Calvino, I., *Por qué leer los clásicos*, traducción de Aurora Bernárdez, Barcelona, Tusquets, 2<sup>a</sup> ed. 1993.

Fuentes, C., *Geografía de la novela*, Madrid, Alfaguara, 1993.

Pennac, D., *Como una novela*, Barcelona, Anagrama, 1993.

## O NACEMENTO DUNHA COLECCION

---

A saída nos derradeiros meses da BIBLIOTECA CLASICA de literatura española, dirixida por Francisco Rico e publicada en Barcelona pola Editorial Crítica, merece unhas verbas especiais. O xurdimento desta BIBLIOTECA responde ó propósito de ofrecer títulos que constitúen o núcleo da tradición literaria española dende as súas orixes ata as vísperas do século XX. Baseada nos textos máis autorizados de cada obra, estudia a súa xénese e ofrece breves notas a pé de páxina, complementadas con outras finais, e actualizados repertorios bibliográficos. Hoxe atópanse en librerías os títulos seguintes (a colección constará de 111 e irán aparecendo de dez a quince por ano)

*Cantar de Mio Cid*, edición de Alberto Montaner, estudio preliminar de Francisco Rico.

Jorge Manrique, *Poesía*, edición de Vicente Beltrán, estudio preliminar de Pierre le Gentil.

Andrés Fernández de Andrada, *Epístola moral a Fabio y otros escritos*, edición de Dámaso Alonso, estudio preliminar de Juan F. Alcina y Francisco Rico.

Francisco de Quevedo, *La vida del Buscón*, edición de Fernando Cabo Aseguinolaza, estudio preliminar de Fernando Lázaro Carreter.

José Zorrilla, *Don Juan Tenorio*, edición de Luis Fernández Cifuentes, estudio preliminar de Ricardo Navas Ruiz.

Pedro Antonio de Alarcon, *El sombrero de tres picos*, edición de Eva S. Florensa, estudio preliminar de Sergio Beser.

## CATRO LIBROS SOBRE A LEXISLACION DO ENSINO NON UNIVERSITARIO

---

Os profesionais de diversos sectores e, en especial, os profesores poden ter unha ampla información lexislativa en catro recopilações de textos legais que citamos por orde cronolóxica:

### Tres compilacións en galego

---

*Lode e disposicións que a desenvolven e autonomía financeira dos centros.* Publicación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Compilación feita por José Luis Canosa Baldomir (Xefe do Servizo do Profesorado de Ensino Medio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

*Lexislación Xeral sobre o ensino non universitario na comunidade autónoma de Galicia.* Fixo os traballos informáticos Manuel Otero Raña ( Xefe do Servizo de Informatización ). Fixeron as revisións lingüísticas María Luisa Otero Fernández ( Profesora do I. B. Anxel Fole), Emilio Tomás Filgueira Rico e Carmen Hombre Eiras ( dos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

*Loxse e disposicións que a desenvolven.* Recopilación feita por Xosé Luis Canosa, con traducción de M<sup>a</sup> del Carmen Hombre Eiras e Emilio Tomás Filgueira Rico.

### Unha compilación en castelán

---

En 1990 ( edición cerrada a 30 de Decembro de 1989 ) aparece a 1<sup>a</sup> edición de *Lexislación estatal de ensino non universitaria*, recopilación feita -outra vez- por Xosé Luis Canosa Baldomir a quen se lle une José Luis Mira Lema (coordinador provincial de Formación Profesional de A Coruña)

A segunda edición deste último volume acábase de publicar neste mesmo ano.

Con estes textos os profesionais do ensino ou do dereito teñen ferramentas actualizadas e sistematizadas da lexislación do ensino.





***Noticias***



## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: Dirección Xeral de Ensinanzas Medias

Resolución do 8 de Outubro de 1993, da Dirección Xeral de Ensinanzas Medias pola que se convocan Premios Extraordinarios de Bacharelato no curso 1992-93.

A orde do 23 de outubro de 1991 (BOE do 31 de outubro), pola que se establecen os requisitos e o procedemento para a concesión dos Premios Extraordinarios de Bacharelato, establece no seu apartado undécimo que as Comunidades Autónomas con plenas competencias en materia educativa poderán convocar premios extraordinarios de Bacharelato nos seus ámbitos territoriais.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral de Ensinanza Medias resolveu:

**Primeiro.-** Convócanse os Premios Extraordinarios de Bacharelato correspondentes ó curso 1992-93 de acordo coa Orde do 23 de outubro de 1991.

**Segundo.-** Poderá concederse en cada provincia da Comunidade

Autónoma de Galicia un premio extraordinario por cada 1.000 alumnos ou fracción superior a 500 matriculados en terceiro curso de Bacharelato Unificado Polivalente ou no primeiro curso de calquera modalidade do Bacharelato Experimental, no curso académico inmediatamente anterior a aquel no que se celebren as probas. Nas provincias nas que o número de alumnos matriculados nos cursos indicados sexa inferior a 500 poderá concederse un premio extraordinario.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior teranse en conta tanto os alumnos de centros públicos coma privados e os matriculados na modalidade de ensinanzas a distancia.

**Terceiro.-** Poderán optar ó Premio Extraordinario do Bacharelato os alumnos que obteñan como nota media das calificacións dos tres cursos de Bacharelato Unificado e Polivalente ou nos tres primeiros cursos do Plan Experimental da Reforma de Ensinanzas Medias 8,50 puntos ou máis.

Para obter a nota media teranse en conta tódalas disciplinas dos tres cursos tanto comúns, como optativas, sacando calquera outra que o alumnado cursase voluntariamente, asignaráselles ás calificacións o seguinte valor numérico:

a) Bacharelato Unificado e Polivalente:

Suficiente:	5,50 puntos
Ben:	6,50 puntos
Notable:	7,50 puntos
Sobresaliente:	9,00 puntos

b) Plan Experimental da Reforma de Ensinanzas Medias:

Suficiente:	5,50 puntos
Notable:	7,50 puntos
Sobresaliente:	9,00 puntos

**Cuarto.-** Os alumnos que reunidos os requisitos desexen optar ó premio extraordinario, deberán inscribirse no Instituto de Bacharelato no que se encontre o seu expediente académico no prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

**Quinto.-** 1.- Os alumnos e os secretarios dos respectivos Centros deberán cumprimentar o modelo de inscrición que se inclúe como anexo I á presente convocatoria.

2.- Rematado o prazo de inscrición, os Secretarios dos Institutos de Bacharelato remitirán á Inspección

Educativa na Delegación Provincial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os modelos de inscrición que obren no seu poder, antes do 23 de novembro de 1993.

**Sexto.-** As probas celebraranse o día 17 de decembro de 1993, nos locais que determinen as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, debendo comunicalo coa suficiente antelación a tódolos centros de Bacharelato da provincia.

**As probas terán dúas partes:**

Na primeira parte os alumnos realizarán:

1.- Redacción sobre un tema de carácter xeral, histórico ou literario.

2.- Traducción directa e inversa dun texto breve do idioma cursado polo alumno.

Na segunda parte:

Os alumnos deberán elixir unha das seguintes opcións e responder ás cuestións prantexadas:

Opción A: Proba de Matemáticas

Opción B: Proba de Latín

Opción C: Proba de Historia de España.

**Sétimo.-** O tribunal velará para que os exercicios sexan anónimos e calificados de acordo co baremo seguinte:



**Exercicios da primeira parte:**

- 1.- De cero a cinco puntos
- 2.- De cero a cinco puntos

**Exercicios da segunda parte:**

De 0 a 10 puntos

A puntuación definitiva será a suma total de cada unha das calificacións obtidas. Concederáselles premio extraordinario ós alumnos que alcancen 16 puntos ou máis na citada suma ata un número igual ou inferior ó que resulte da aplicación do apartado segundo desta Resolución. En caso de empate terá preferencia o alumno con mellor expediente académico.

**Oitavo.-** O secretario do tribunal redactará acta por triplicado conforme ó modelo do anexo II, que será asinado por tódolos compoñentes. O orixinal quedará arquivado na inspección de bacharelato e as copias serán remitidas á Dirección Xeral de Ensinanzas Medias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ó Rectorado.

A Inspección remitirá unha fotocopia certificada da acta ós centros públicos e privados dos que houberse alumnos participantes nas probas e estampará a oportuna dilixencia nos libros de calificación dos alumnos premiados.

ANEXO I

Apelidos e nome .....  
Data de nacemento .....lugar.....  
Centro no que cursou os estudos.....  
Idioma elixido .....  
Disciplinas optativas .....

Desexa tomar parte nas probas para a obtención dos Premios extraordinarios de Bacharelato convocados por Resolución do 8 de outubro de 1993.

, de de 1993

(Asinado)

Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de .....

## ANEXO II

O Secretario do Instituto de Bacharelato.....  
....., de .....

Certifica: Que o alumno .....  
acadou a nota media de ....., nas calificacións obti-  
das nos tres cursos de BUP, polo que reúne os requisitos establecidos na  
Orde do 23 de outubro de 1991, a fin de participar nas probas para a  
obtención dos Premios Extraordinarios de Bacharelato.

, de ..... de 1993

(Sinatura e selo.)



## ORDE DO 29 DE OCTUBRO DE 1993

---

D.O.G.

Orde do 29 de outubro de 1993 pola que se convoca o segundo premio de traducción á lingua inglesa de obras galegas e se establecen a súas bases.

Dado que a lingua constitúe o sinal de identidade máis claro do noso país e que temos unha literatura xa secular que pode situarse entre as máis importantes de Europa, e sendo unha das intencións da creación lingüística e literaria a súa divulgación para darse a coñecer e contribuír ó enriquecemento cultural das xentes e dos pobos coa súa lectura, son necesarias as canles que lles faciliten ás persoas interesadas o coñecemento da nosa produción lingüística e literaria.

Hoxe en día o idioma inglés é unha desas canles por ser das linguas vehiculares máis usadas no mundo.

Por isto establécense incentivos para que a obra publicada en galego ( novela, poesía, teatro e ensaio ) sexa traducida ó inglés e se poida ter acceso neste idioma ó seu coñecemento.

Para estes efectos, a creación dos premios de traducción ó inglés, cunha

digna dotación económica, é un bo estímulo para as persias que de seguro están capacitados para espalla-la nosa produción en lingua galega.

DISPOÑO:

Artigo único.- Convócase o 2º premio de traducción á lingua inglesa de obras galegas para aquela produción literaria publicada en lingua galega e non traducida con anterioridade ó idioma inglés, nas súas modalidades de novela, poesía, teatro e ensaio, e establécense, como anexo a esta orde, as bases que o rexerán. A dotación dos premios e os gastos que se deriven da publicidade da convocatoria e financiamento do xurado imputaranse ó presuposto da Dirección Xeral de Política Lingüística desta consellería.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 1993.

*Juan Piñeiro Permuy*  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria

Ilmo. Sr. Director Xeral  
de Política Lingüística

## ANEXO

Bases que rexerán o 2º premio de traducción á lingua inglesa de obras galegas.

Primeira.- O órgano convocante do premio é a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ( Dirección Xeral de Política Lingüística ) da Xunta de Galicia.

Segunda.- Poderán optar a este premio tódalas persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.

Terceira.- Os traballos que se presenten, dentro das modalidades de novela, poesía, teatro e ensaio, consistirán na traducción á inglés, a partir de texto galego, dunha obra completa publicada orixinalmente en lingua galega e non traducida con anterioridade ó idioma inglés.

Cuarta.- Os traballos deberán ser presentados ou remitidos, en sobre cerrado con pseudónimo e plica co nome, de forma que o xurado non coñeza a identidade dos autores, á Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia da presenta orde.

Quinta.- Concederanse un primeiro e un segundo premios con cargo á partida presupostaria 07.05.353G.227.06

correspondente ó exercicio económico da Xunta de Galicia para o ano 1993:

1º premio: dotado con un millón de pesetas (1.000.000 de ptas. )

2º premio: dotado con catrocentas mil pesetas ( 400.000 ptas.)

O xurado poderá propor mencións honoríficas se, facendo consta-los motivos, o considera conveniente. As devanditas mencions non levan consigo ningún tipo de asignación económica.

Sexta.- O xurado que adxudicará estes premios estará composto polos seguintes membros:

Presidente: o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa na que delegue.

Vocais:

- O director xeral de Política Lingüística ou persoa na que delegue.

- O profesor-coordinador do Centro de Estudos Galegos de Oxford.

- Tres profesores de universidade de reconecido prestixio nomeados polo presidente do xurado.

- Un representante designado polo Centro Galego de Londres.

Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Política Lingüística que actuará con voz e sen voto.

Sétima.- A decisión do xurado é inapelable.

A xuízo do xurado os premios poderán ser declarados desertos.

Oitava.- Os convocantes reservan para si o dereito de interpretación ou cambio nas bases do concurso.





## DESENVOLVEMENTO DA LOXSE EN GALICIA

---

Lei Organica 1/1990

A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, está a ser desenvolvida tanto pola Administración Central como polas Comunidades Autónomas con trasfencias educativas plenas. No caso concreto de Galicia, as disposicións legais que ata estes momentos se publicaron no Diario Oficial de Galicia (DOG), son as seguintes:

Decreto 426/1991, do 12 de decembro, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 14 de xaneiro de 1992).

Orde do 6 de maio de 1992, pola que se establece o calendario de axuste dos centros educativos de niveis non universitarios ás ratios fixadas na LOXSE (DOG do 21).

Orde do 6 de maio de 1992, pola que se regula o procedemento para a implantación do 2º ciclo de Educación Infantil e se dictan instrucións en

materia de organización escolar e avaliación para aqueles centros onde se imparte o devandito ciclo (DOG do 21).

Decreto 245/1992, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 14 de agosto).

Orde do 17 de agosto de 1992, pola que se regula a implantación da Educación Primaria e se dictan instrucións en materia de organización escolar para centros que impartan o devandito nivel educativo (DOG do 26).

Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 2 de abril).

Decreto 89/1993, do 19 de abril, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime

xeral (DOG do 27).

Orde do 5 de maio de 1993, pola que se regula a avaliación da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG do 19 ).

Orde do 6 de maio de 1993, pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 20).

Orde do 11 de maio de 1993, pola que se modifica a do 17 de agosto de 1992, pola que se regula a implantación

da Educación Primaria e se dictan instrucións en materia de organización escolar para os centros que impartan o devandito nivel educativo (DOG do 15 de xuño).

Orde do 25 de outubro de 1993, pola que se dictan instrucións sobre o procedemento de solicitude e rexistro do libro de escolaridade do ensino básico (DOG do 26 de novembro).



## **Sumario**

	<b>❧ <i>Presentación</i></b>	<b>páx. 7</b>
	<b>❧ <i>Limiar</i></b>	<b>páx. 9</b>
<b><i>Colaboracións Especiais</i></b>	<b>❧ O ensino bilingüe</b> Unha perspectiva de conxunto. <i>Miguel Siguán</i>	<b>páx. 13</b>
	<b>❧ As linguas clásicas en resposta...</b> <i>Aires A. Nascimento</i>	<b>páx. 31</b>

## ***Estudios***

- ❧ La integración escolar  
La situación actual y los retos...  
*Angeles Parrilla Latas*  

---

páx. 49
- ❧ A aptitude musical  
Criterios de selección para ...  
*Matilde Rubio*  

---

páx. 67
- ❧ Estudio das literaturas  
na reforma do ensino  
*A. Platas*  

---

páx. 77
- ❧ Os Cogumelos  
Unha boa lección do outono  
*F.J. Fdez. de Ana Magán*  

---

páx. 87
- ❧ Radio E.C.C.A.  
Unha oferta educativa para...  
*José Carlos Otero López*  

---

páx. 93
- ❧ O papel da formación  
profesional nun  
contexto...  
*José Carlos Yáñez López*  

---

páx. 101

## ***Prácticas***

- ❧ “El bosque animado” páx. 111  
*Carmen Peñamaría*
- 
- ❧ Interferencias lingüísticas páx. 121  
do galego e o inglés.  
*Carmen Suárez López*
- 

## ***Reseñas***

- ❧ Preálgebra. páx. 137  
*Jose Luis Valcarce Gómez*
- 
- ❧ Testimonio visual del arte. páx. 139  
*Javier Vilariño Pintos*
- 
- ❧ A colección de clásicos páx. 141  
en Galego.  
*Fernando Gonzalez Muñoz*
- 
- ❧ Guía Medieval do páx. 143  
peregrino.  
*Fernando Gonzalez Muñoz*
- 
- ❧ Crónica de una muerte... páx. 145  
*Ana M.ª Platas Tasende*
- 
- ❧ Técnicas y juegos de páx. 147  
expresión musical  
*Rodolfo García Alonso*
- 
- ❧ Educación compensatoria. páx. 149  
Fundamento y Programa  
*Celso Currás Fernández*
-

*Novidades  
editoriais* || 

páx. 153

*Noticias* || 

páx. 159